

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 3 de marzo de 2008

### ASISTENTES:

#### Membros :

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

### NON ASISTE:

D. Xulio Calviño Rodríguez

### Invitados:

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día tres de marzo de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(283).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesións do 17, 19, 26, 27 e 28 de decembro de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

### DASE CONTA DAS SEGUINTES SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

2.- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 115/2007 INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. ALICIA MEIRIÑO FERNÁNDEZ CONTRA RESOLUCIÓN DE CONCURSO INTERNO DE TRASLADOS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

3.- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 93/2007 INTERPOSTO POR D. VICENTE GIL RODRÍGUEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO.

DESESTIMADO.

4.- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 68/2007 INTERPOSTO POR D. DIEGO LOIRA TORRES CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

5.- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 172/2007 INTERPOSTO POR Dª Mª ISABEL LANDEIRO MUIÑOS CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

6.- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 69/2007 INTERPOSTO POR Dª. MONTSERRAT MARTÍNEZ AMORÍN CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA POR SILENZO ADMINISTRATIVO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

7.- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 193/2007 INTERPOSTO POR D. SERGIO MERINO QUINTEIRO E OUTRA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA POR SILENZO ADMINISTRATIVO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.

8.- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº ° DE VIGO NO R.C.A. 305/2006 INTERPOSTO POR Dª. OLGA CRUZ REGUENGO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

9.- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 170/2007 INTERPOSTO POR D. MIGUEL ANGEL RODRÍGUEZ ANTÓN CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.

10.- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 260/2007 INTERPOSTO POR Dª. BIBIANA GÓNZALEZ TREVIÑO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL PARCIALMENTE ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.

11.- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 53/2007 INTERPOSTO POR D. MANUEL QUIÑONES CORREA E ZURICH ESPAÑA S.A. CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

12.- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 103/2007 INTERPOSTO POR Dª. Mª NIEVES BASTOS BOUBETA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

13.- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 121/2007 INTERPOSTO POR D. JOSÉ LUIS MOSQUERA FERNÁNDEZ CONTRA RESOLUCIÓN EXPTE. SANCIONADOR POR INFRACCIÓN EN MATERIA DE VERQUIDO DE RESIDUOS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

14.- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A.

183/2007 INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ENCINA DE LAS MERCEDES PRADA ORALLO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.

15.- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 14/2007 INTERPOSTO POR D. ADELINO FERNANDO MENDES TEIXEIRA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. AUTO DE DESESTIMENTO.

16.- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 276/2006 INTERPOSTO POR D. YAGO NOGUEIRA GONZALEZ CONTRA RESOLUCIÓN QUE DECLARA O DESESTIMENTO DO RECLAMANTE NA SÚA RECLAMACIÓN PATRIMONIAL Ó NON PRESENTAR DOCUMENTACIÓN.INADMISIBLE O RECURSO.

17.- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 299/2006 INTERPOSTO POR D. RAMÓN VIQUEIRA RODRÍGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DA RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. REMATADO O PROCEDEMENTO.

18.- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 100/2007 INTERPOSTO POR D. JOSE FRANCISCO NOVAS RODRÍGUEZ INTERPOSTO POR D. JOSÉ FRANCISCO NOVAS RODRÍGUEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ARCHIVO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

**19(284).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 4/1813.**  
Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa do Servizo de Axuda no Fogar, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D<sup>a</sup>. Consuelo A. Oca Graño. Expte. 4/1813.

**20(285).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 11/1561.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día a D<sup>a</sup>. Mercedes Expósito Carballo. Expte. 11/1561.

**21(286).- BASES PARA A CONTRATACIÓN DO EQUIPO DO PLAN DE INCLUSIÓN-ANO 2008. EXPTE. 28160/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Acción

Social, do 27.02.08, conformado pola concelleira de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobe as Bases para a selección de persoal que conformará o Equipo de Inclusión Sociolaboral, de acordo coas indicacións do II Plan Galego de Inclusión Social, e que prestará servizo dentro do departamento de Benestar Social deste Concello de Vigo.

### *BASES PARA A SELECCIÓN DO EQUIPO DO PLAN DE INCLUSIÓN SOCIAL*

---

#### 1.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DAS CONTRATACIÓNS

---

- *Os contratos deberán ser por obra ou servizo de duración determinada*
- *Obxecto do contrato: Servizo de atención a persoas en situación de desvantaxe social, coma un xeito de facilita-la súa entrada no sistema normalizado de servizos sociais, por medio dun equipo de profesionais contratado para elo.  
Así mesmo, como servizo social específico, recibirá por derivación dos servizos sociais de atención primaria a persoas en situación de desenvolver un itinerario de mellora da súa empregabilidade, adquisición de competencias, preformación e preparación para o emprego, coma un xeito de acadar a súa plena integración social e laboral.  
O equipo de inclusión social terá como obxectivo esencial promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción.  
Terase en conta a perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e productivo.*
- *Retribucións: As mesmas que as establecidas para o persoal do Concello na mesma categoría. Os cálculos dos custos salariais destas contratacións para o ano 2008 (9 meses previstos ata o 31 de decembro) serán estimados polo departamento de persoal deste Concello, e serán aplicables á partida 3130.131.0001 “Persoal Laboral Temporal” do presuposte vixente.*

#### Duración

*A duración dos contratos: dende a contratación ata o 31/12/2008, data de finalización da vixencia do convenio asinado polo Concello de Vigo coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2007.*

#### 2) POSTOS DE TRABALLO

- *1 LICENCIADO/A EN PSICOLOXIA*
- *1 LICENCIADO/A EN CIENCIAS DO TRABALLO*
- *1 TRABALLADOR/A SOCIAL*
- *1 EDUCADOR/A SOCIAL*
- *1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A*

#### 1) Natureza dos contratos

*A modalidade contractual será a de contrato temporal por obra ou servizo de duración determinada baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, a xornada completa para os cinco postos : psicólogo/a,*

licenciado/a en ciencias do traballo, traballador/a social, educador/a e auxiliar administrativo/a.

As retribucións serán as mesmas que as establecidas para o persoal laboral do Concello nas mesmas categorías e en función da xornada laboral.

A duración do contrato será ata o 31 de decembro do 2008, dado que o convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ten esa duración (segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de decembro de 2007).

Establécese un período de proba para todos os postos de seis meses.

#### Requisitos para contratar

Prohibición de contratar establecida no artigo 9.4 da Lei 4/1998, do 26 de Maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007, do 27 de Xullo, en relación co disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores

En ningún caso, serán contratadas aquelas persoas que nun período de doce meses anteriores á data de finalización de prazo de presentación de solicitudes, estiveran contratados polo Concello para o mesmo posto de traballo por un tempo de tres meses, para os efectos de cumprir co disposto no vixente art. 9.4 da Lei da Función Pública de Galicia segundo o cal a Administración non poderá converter en fixa ou en indefinida unha relación laboral de carácter temporal, en relación co disposto no vixente art. 15.5 do Estatuto dos Traballadores.

En efecto o Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego e materializada na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, que modificou o art. 15.5 do Real Decreto Leixlativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, que establece que os traballadores/as que nun período de 30 meses houberen estado contratados durante un prazo superior a 24 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo posto de traballo coa mesma empresa, mediante dous ou máis contratos temporais, coas mesmas ou diferentes modalidades contractuais de duración determinada, adquirirán a condición de traballadores fixos. Quedan expresamente excluídos do alcance da presente reforma os contratos laborais de interinidade, formativos e de relevo, pero sí se inclúen os contratos de duración determinada por acumulación de tarefas ou circunstancias da produción e o contrato por obra ou servizo determinado.

#### Requisitos Xerais e Específicos :

Segundo a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que modifica os requisitos para o acceso ao emprego público, establecidos no artigo 56 da Lei, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo para a presentación de instancias:

##### Xerais:

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condición de igualdade.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.
3. Estar en posesión da titulación requirida para cada posto de traballo, exixida na convocatoria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.
4. Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, sen prexuízo do acceso ao emprego público de persoas con discapacidade física ou psíquica debidamente acreditada, en grao igual ou superior ao 33%, nos termos do recollido no artigo 59 da Lei 7/2007.

5. *Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
6. *Acreditar coñecemento da lingua galega. A acreditación do coñecemento escrito da lingua galega farase por medio da presentación de certificado acreditativo da realización do curso de perfeccionamento de lingua galega.*

### Funcións e perfil requerido

*O equipo de inclusión social terá como obxectivo esencial promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción.*

#### 1 LICENCIADO/A EN PSICOLOXÍA

- *Funcións:*

- *Traballar co resto do Equipo na elaboración dos Itinerarios de Inserción.*
- *Realizar probas complementarias de carácter psicolóxico, para a elaboración dos itinerarios de inserción.*
- *Realizar a preselección dos candidatos con posibilidades de inserción sociolaboral, así como a realización das probas necesarias para definir os perfís adecuados para tal inserción*
- *Dirixir os grupos de apoio mutuo*
- *Colaborar co resto do equipo nas actividades e accións de inserción sociolaboral que se precisen*
- *Elaborar e cumprimentar os expedientes individuais dos beneficiarios, que lle correspondan*

*Así mesmo, a atención do persoal da Oficina do Plan no canto á redución de situacións de estrés ou calqueira que impida un correcto desenvolvemento da súa labor, e todas as de asesoramento que dende a súa capacitación socioprofesional sexan precisas.*

- *Perfil:*

- *Imprescindible:*

- *Licenciatura en Psicoloxía, Ciencias da Educación-Psicoloxía ou similar.*

- *Outros elementos a a valorar*

- *Experiencia de traballo no ámbito dos servizos sociais, en particular na área de inclusión social*
        - *Formación (cursos e/ou xornadas) relacionada cos temas de inclusión social e/ou os servizos sociais*
        - *Informática. Internet*
        - *Nivel de galego*

#### 1 LICENCIADO/A EN CIENCIAS DO TRABALLO

- *Funcións:*

- *Traballar co resto do Equipo na elaboración dos Itinerarios de Inserción.*

- Manter cantas visitas, contactos, xestións, sexan necesarias, con empresas cara á busca de colaboracións co proxecto.
- Realizar a selección do/as candidato/as con posibilidades de inserción laboral, e cantas probas sexan necesarias para definir os perfís adecuados
- Dirixir os grupos de busca de emprego
- Diseñar diferentes propostas formativas para a capacitación dos usuarios
- Acordar propostas formativas con compromiso de contratación, coas empresas colaboradoras
- Colaborar co resto do equipo nas actividades e accións de inserción sociolaboral que se precisen
- Elaborar e cumprimentar os expedientes individuais dos beneficiarios, que lle correspondan

Así mesmo, a orientación do persoal da Oficina do Plan e o asesoramento que dende a súa capacitación socioprofesional lle sexa preciso

- Perfil:

Imprescindible:

- ❑ Licenciatura en Ciencias do Traballo

Outros elementos a valorar

- ❑ Experiencia de traballo no ámbito dos servizos sociais, en particular na área de inclusión sociolaboral
- ❑ Formación (cursos e/ou xornadas) relacionada cos temas de inclusión social, laboral, e/ou os servizos sociais
- ❑ Informática. Internet
- ❑ Nivel de galego

1 Diplomado/a en traballo social

- Funcións:

- Traballar co resto do Equipo na elaboración dos Itinerarios de Inserción.
- Colaborar co resto do equipo nas actividades e accións de inserción sociolaboral que se precisen
- Elaborar e cumprimentar os expedientes individuais dos beneficiarios
- Dar información e asesoramento en temas sociais, prestacións, de integración socio-laboral, etc., a persoas na súa condición de estar en risco de exclusión social
- Realizar entrevistas iniciais e de seguimento de beneficiarios
- Elaborar expedientes e fichas individuais dos usuarios
- Facer un seguimento conxunto coa atención primaria dos servizos sociais municipais dos beneficiarios/as do programa

Así mesmo, todas aquelas que dende a súa capacitación socioprofesional sexan precisas para o funcionamento do equipo.

- Perfil:

Imprescindible:

- ❑ Diplomatura en Traballo social

Outros elementos a valorar

- ❑ *Experiencia de traballo con persoas ou grupos en situación de exclusión ou desvantaxe social*
- ❑ *Formación (cursos e/ou xornadas) relacionadas coa exclusión ou desvantaxe social, ou os servizos sociais de atención primaria*
- ❑ *Informática, internet.*
- ❑ *Nivel de galego*

#### *1 Diplomado/a en Educación Social*

- *Funcións:*

- *Traballar co resto do Equipo na elaboración dos Itinerarios de Inserción.*
- *Colaborar co resto do equipo nas actividades e accións de inserción sociolaboral que se precisen*
- *Elaborar e cumprimentar os expedientes individuais dos beneficiarios*
- *Realizar entrevistas iniciais e de seguimento de beneficiarios*
- *Traballar no deseño das accións educativas necesarias para a inserción do/as usuarios/as do programa*
- *Colaborar no funcionamento dos grupos de apoio e sociolaborais que se creen*
- *Elaborar expedientes e/ou fichas individuais dos usuarios/as que corresponda*
- *Manter seguimento conxunto coa atención primaria dos servizos sociais municipais dos beneficiarios/as do programa*

*Así mesmo, todas aquelas que dende a súa capacitación socioprofesional sexan precisas para o funcionamento do equipo.*

- *Perfil:*

*Imprescindible:*

- ❑ *Diplomatura en Educación Social*

*Outros elementos a valorar*

- ❑ *Experiencia de traballo con persoas ou grupos en situación de exclusión ou desvantaxe social*
- ❑ *Formación (cursos e/ou xornadas) relacionadas coa exclusión ou desvantaxe social*
- ❑ *Informática, internet*
- ❑ *Nivel de galego*

#### *1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A*

- *Funcións: atención ó público usuario dos servizos e cantos labores administrativos sexan necesarios para un correcto funcionamento da Oficina do Plan de Inclusión.*

- *Funcións:*

- *Apoia-la xestión (no aspecto administrativo) do programa*
- *Encargarse do labor de atención ó público*
- *Encargarse do control administrativo dos expedientes dos usuarios/as*
- *Encargarse do rexistro, estadísticas e calqueira outra labor administrativa que sexa precisa*
- *Colaborar co resto do equipo nas tarefas que, dende a súa capacitación profesional, sexan necesarias para un correcto funcionamento da oficina*

- *Perfil:*



Imprescindible:

- ❑ *Mínimo FP I, rama administrativa ou equivalente.*

Outros elementos a valorar

- ❑ *Outras titulacións oficiais relacionadas coa rama administrativa*
- ❑ *Experiencia en traballo administrativo no ámbito dos servizos sociais.*
- ❑ *Nivel alto en informática (procesador de textos, bases de datos, folia de cálculo, internet)*
- ❑ *Experiencia demostrada en atención ó público.*
- ❑ *Nivel de galego*

3) PROCEDIMIENTO PARA A SELECCIÓN

- *Presentación da solicitude:, mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ó que se opte*
- *Prazo: 5 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio*
- *Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido á Comisión de Selección da oficina do Plan de Inclusión*
- *Horario de entrega: de 9:00 a 13:00 horas.*
- *Documentación a entregar:*

*- Instancia solicitando participar no proceso de selección definindo o posto ao que opte,  
- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo debidamente compulsados*

*O requisito para contratar será comprobado por esta administración, para os efectos de non incurrir na prohibición prevista no artigo 9,4 da Lei 4/1998 do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007 do 27 de xullo, en relación co disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores.*

- *Non se recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.*
- *A non presentación da documentación acreditativa será causa de exclusión do proceso selectivo.*
- *Entregarase instancia e demais documentación acreditativa, por cada posto ó que se opte.*

Proceso selectivo

*O proceso de selección será de oposición e constará de dúas probas eliminatorias de non acadarse a puntuación mínima nelas.*

- *1º Exercicio : Realización dunha proba tipo test sobre os contidos de temario establecido para cada categoría. O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha hora de duración, consistente en :*
  - 30 preguntas no caso do psicólogo e do licenciado en ciencias do traballo*
  - 20 preguntas no caso do traballador/a social e do educador/a*

### 10 preguntas no caso do auxiliar administrativo/a

- 2º Exercicio : Realización dunha proba práctica, baseada no temario establecido para cada categoría. O tempo máximo para a realización da proba será de dúas horas de duración, consistente en :
  - tres supostos no caso do psicólogo e do licenciado en ciencias do traballo
  - dous supostos no caso do traballador/a social e do educador/a social
  - un suposto no caso do auxiliar administrativo/a

- TEMARIO

De seguido indícanse os temas dos que se obterán as preguntas para a proba tipo test e para o suposto práctico.

Licenciado en Psicoloxía :

- A Constitución Española.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- A Administración Pública no ordenamento español.
- O réxime local español. Lei de Bases de Réxime Local.
- O II Plan de Inclusión.
- A Lei de Servizos Sociais de Galicia, e o anteproxecto da nova Lei.
- Persoas e grupos en desvantaxe social.
- Entrenamento en habilidades sociais
- Persoas con discapacidade
- Persoas maiores
- Conductas adictivas
- Perspectiva de xénero

Licenciado en Ciencias do Traballo :

- A Constitución Española.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- A Administración Pública no ordenamento español.
- O réxime local español. Lei de Bases de Réxime Local.
- Procedemento administrativo.
- O II Plan de Inclusión.
- Normativa laboral española
- Entrenamento en habilidades sociais
- Plan FIP e outros plans formativos relacionados co emprego
- Grupos con especiais dificultades de inserción laboral
- A formación con compromiso de contratación
- Cláusula social

Traballador/a Social:

- A Constitución Española.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- O réxime local español. Lei de Bases de Réxime Local.
- A Administración Pública no ordenamento español.
- O Plan de Inclusión.
- Lei de Servizos Sociais de Galicia e Anteproxecto da nova Lei.
- Prestacións e axudas socio-económicas para persoas en risco de exclusión social.

- *A Renda Activa de Inserción.*

Educador/a Social:

- *A Constitución Española.*
- *O Estatuto de Autonomía de Galicia.*
- *O réxime local español. Lei de Bases de Réxime Local.*
- *A Administración Pública no ordenamento español.*
- *O Plan de Inclusión.*
- *Lei de Servizos Sociais de Galicia e Anteproxecto da nova Lei.*
- *Entrenamento en habilidades sociais*
- *Formación con persoas con especiais dificultades de inserción*

Auxiliar administrativo/a:

- *A Constitución Española.*
- *O Estatuto de Autonomía de Galicia.*
- *O réxime local español. Lei de Bases de Réxime Local.*
- *Procedemento administrativo. O acto administrativo.*

➤ A) Proba escrita tipo test. Será diante da Comisión de Selección (citada máis abaixo).

*Superada a puntuación esixida na proba escrita tipo test, pasarase a proba escrita de tipo práctico.*

*A puntuación mínima para superar esta proba escrita será :  
de 23 puntos, no caso do psicólogo/a e o/a licenciado/a en ciencias do traballo  
de 15 puntos no caso do/a traballador/a social e o/a educador/a social  
de 7 puntos no caso do/a auxiliar administrativo/a*

*En calquera caso, non acadar esa puntuación suporá a eliminación do proceso.*

*As puntuacións máximas, serán, xa que logo*

*de 30 puntos, no caso do/a psicólogo/a e o/a licenciado/a en ciencias do traballo  
de 20 puntos no caso do/a traballador/a social e o/a educador/a social  
de 10 puntos no caso do/a auxiliar administrativo/a*

➤ B) Proba escrita suposto práctico :

*A puntuación mínima nos 3 supostos a superar polo psicólogo/a e o licenciado/a en ciencias do traballo, será de 9 puntos (3 en cada suposto), sendo o máximo en cada un deles de 5 puntos. O máximo nesta proba será de 15 puntos.*

*A puntuación mínima nos 2 supostos a superar polo traballador/a social e polo educador/a social, será de 6 puntos (3 en cada suposto), sendo o máximo en cada un deles de 5 puntos. O máximo nesta proba será de 10 puntos.*

*A puntuación mínima no suposto a superar polo/a auxiliar administrativo/a, será de 3 puntos. O máximo nesta proba será de 5 puntos.*

*En calquera caso, non acadar a puntuación mínima esixida, suporá a eliminación do proceso.*

*As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección dos exercicios.*

*Quen acade os mínimos na puntuación referida, quedará en todo caso como parte dunha lista para as substitucións que poideran ser necesarias no futuro. A lista confeccionarase pola orde de puntuación obtida nas probas anteditas, e atendendo ós outros méritos no caso de empate.*

A Comisión de Selección - Valoración:

*Presidencia :*

- Titular : a Xefa de Sección de Coordinación, D<sup>a</sup> Paz Fernández Fernández
- Suplente : o/a técnica do Departamento de Servizos Sociais que se designe

*Secretaria :*

- Titular : a Xefa de Sección de Planificación, M<sup>a</sup> José Thomas Berbén
- Suplente : a/o técnico do departamento de Servizos Sociais que se designe

*Vogais :*

- Titulares : O funcionario da Asesoría Xurídica : Xesús Costas Abreu  
A Xefa da Unidade de Persoal : María Dapena Gómez  
Pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia (a determinar)
- Suplentes : a/o funcionaria/o da Asesoría Xurídica que se designe  
a/o funcionaria/o do departamento de persoal que se designe

*(Máis información nos teléfonos 986 810100, Ext 1360, ou nas dependencias da Concellería de Benestar Social, planta baixa da Casa do Concello, onde tamén poderán recollerse as bases do proceso de selección).*

**22(287).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.920,10 € A FAVOR DE PUERTAS DEL ATLANTICO SLU POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 1018/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.01.08, dáse conta do informe-proposta do vocal interventor técnico no Mercado do Progreso, do 22.01.08, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, comercio e Cascos Históricos, que di o seguinte:

*En Vigo, a 22 de xaneiro de 2008, en relación có asunto de referencia, emítase o presente en base ós seguintes*

**FEITOS**

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 6 de marzo de 2006 acordou "(...)1º.- Incoar expediente informativo á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo como concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do Mercado municipal do Progreso, ó obxecto de fiscalización da xestión e funcionamento do devandito servizo, e para poder determinar as causas que motivaron a situación actual e as medidas oportunas para subsanar-la.(...)3º.- Adoptar a medida cautelar excepcional de asumir a execución directa do servizo do Mercado municipal do Progreso ata a substanciación do expediente informativo previsto no punto 1º, co fin de garantir a prestación do servizo de mercado."*

*Pola súa banda, en Sesión Ordinaria que tivo lugar o día 10 de abril de 2006, acordou "(...)PRIMEIRO.- Prorrogar a medida excepcional de execución directa municipal do servizo do Mercado municipal do Progreso. (...) OITAVO.- Proceder a contratar a ampliación da prestación do servizo de limpeza no Mercado do Progreso, ó resultar este na actualidade insuficiente.NOVENO.- Contratar a prestación de servizo de seguridade no mercado, dado que na actualidade non existe é obrigatorio por imposición do artigo 3 do Texto Refundido do*

*Reglamento Municipal dos Mercados Municipais(...)*

*Por último, en data 6 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno acordóu:*

*“1º.- Acordar o secuestro da concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo e formalizada en documento administrativo en agosto de 2004.*

*2º.- O secuestro acordase ata que a resolución da concesión proposta no nº 4 do presente acordo adquira firmeza en vía administrativa, sin que poida exceder en ningún caso do prazo regulamentario de dous anos.*

*3º.- Nomear interventor técnico do Mercado do Progreso, en tanto dure o secuestro do mesmo, o vocal do Tribunal Económico Administrativo D. Miguel A. Pola Tombo.*

*4º.- Resolver o contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, por incumprimento culpábel do concesionario, previo trámite de audiencia ó mesmo, por prazo de 10 días para que manifeste o que o seu dereito conveña.*

*5º.- No caso de que no prazo concedido para alegacións á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo non formule oposición, a presente proposta de resolución adquirirá firmeza. En caso contrario, previa contestación ás alegacións plantexadas, solicitarase informe ó Consello Consultivo de Galicia.*

*6º.- Proceder a incautación da garantía constituída pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, mediante aval bancario prestado pola entidade Caixanova, en data 3 de xuño de 2003, por un importe de 3. 005, 00 €, previo trámite de audiencia a entidade avalista.*

*7º.- Proceder a liquidación da concesión, así como a determinación dos danos e perdas causados ó Excmo. Concello de Vigo por mor da modificación do obxecto da concesión e a conseguinte explotación do servizo de aparcadoiro.*

*8º.- Unha vez resolta a concesión, proceder ó outorgamento de autorizacións ós titulares dos postos de venda no Mercado do Progreso para garantir a continuidade na prestación do servizo de mercado, así como proceder a contratación dos servizos necesarios para o bo funcionamento do mercado, impostos no Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais”.*

*SEGUNDO.- Constatada a necesidade da prestación dos servizos imprescindibles para a execución dos citados acordos, a partida asignada para os gastos da Xestión do Mercado do Progreso revelóuse pronto insuficiente para facer fronte os gastos, e elo motivado principalmente polo feito de que os ingresos xenerados polas tarifas pola ocupación dos postos e pola imposición das sancións, destinados a xenerar crédito por ingresos de natureza non tributaria, precisaban duns actos de xestión previa que, téndose demorado no tempo, facían insuficiente o importe da partida orzamentaria correspondente, e elo non tanto pola insuficiencia dos ingresos previsibles en relación cós gastos, sinón máis ben polo desfase temporal entre o devengo dos segundos e a efectividade dos primeiros.*

*Consecuencia de elo, revelóuse a imposibilidade de proceder á contratación do servizo (tanto pola insuficiencia da partida de gasto como polo feito da duración, breve pero indeterminada, da medida temporal acordada polo Concello de Vigo), e por elo, comunicóuse á citada empresa, dado o carácter imprescindible do servizo para a axeitada xestión temporal do Mercado do Progreso, a necesidade de que seguise prestando os seus servizos, tendo realizados os mesmos dun xeito correcto, non sendo a demora na tramitación e no pagamento atribuíble en ningún caso a mesma.*

*Pola súa banda, no ano 2007, e dada a inexistencia de orzamento municipal, empregouse o saldo da partida destinada á atención dos gastos correntes do Mercado en abonar o importe das indemnizacións derivadas do Convenio para a resolución de mutuo acordo da concesión coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso.*

*Subsanada parcialmente a situación relatada a data de hoxe tralo convenio asinado coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso e a inclusión nos orzamentos de 2008 de contía axeitada e suficiente na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles”, o Concello de Vigo está en disposición de facer fronte ás obrigas de pago contraídas coa interesada en relación coas facturas por ela remitidas e que se relacionan a continuación:*

*FACT.BASE      FACT. IVE      FACT.TOTAL*

Nº FACTURA	DATA FACTURA	1.655,26 €	264,84 €	1.920,10 €
A/2007469	10/07/2007	854,88 €	136,78 €	991,66 €
A/2007578	28/08/2007	800,38 €	128,06 €	928,44 €

TERCEIRO.- As contías facturadas atópanse en tódolos casos nos valores normáis de Mercado, o proceder, de contías xa facturadas con anterioridade a asunción municipal da xestión do Mercado ou ser resultado da continuación de prestacións contratadas polo Concello de Vigo, segundo se desprende dos correspondentes expedientes administrativos.

Constan asimesmo nos expedientes declaracións dos terceiros de que có abono das cantidades indicadas dáse por resarcido da débeda económica e de que os prezos son os normáis no mercado.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- As actuacións levadas a cabo polo Concello, en relación coas facturas de referencia, comprometeron, no seu día, un gasto corrente de carácter voluntario con irregularidades procedimentais que implican falta de crédito adecuado e suficiente, aínda que non ausencia total do procedemento, pero o primeiro punto determina a súa nulidade absoluta, de conformidade có establecido no RDLex 2/2004 e RD 500/1990, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

SEGUNDO.- Non obstante a devandita nulidade das actuacións municipais, as prestacións a favor deste Concello, cuxo pago se reclama, foron realizadas a satisfacción deste, polo que debe procederse ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, recoñecendo obrigas correspondentes a exercicios anteriores, que por calquera causa non o tiveran sido en aquel ó que correspondían, atribuíndose á Xunta de Goberno Local tal recoñecemento, a fin de evitar un enriquecemento inxustificado desta Administración municipal, de conformidade coa base 28 das Bases de Execución do Orzamento para o exercicio, segundo a cal "(...) as débedas nacidas fora do presuposto serán obxecto de indemnización substitutiva e recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno da Corporación se non existise crédito adecuado e suficiente e pola Xunta de goberno Local nos demais casos (...)".

TERCEIRO.- No orzamento corrente, na partida 6220.227.06.11 "Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles", existe crédito suficiente para facer fronte ó recoñecemento extraxudicial que se propón e polo asinante se considera que non existe impedimento nin limitación á imputación deste gasto ó orzamento corrente en relación coas restantes necesidades de gasto que deben imputarse á partida en cuestión durante o ano en curso.

Existindo crédito orzamentario no orzamento corrente para facer fronte á indemnización substitutiva proposta, é competente para a súa aprobación a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO

1º.- Aprobar o recoñecemento dos créditos antes expresados, todo elo sin prexuízo de esixir as correspondentes responsabilidades pola realización de gastos sin a correspondente partida orzamentaria, a favor de PUERTAS ATLANTICO SLU (C.I.F. B36826162), na contía de 1.920,10 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso.

Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
A/2007469	10/07/2007	1.655,26 €	264,84 €	1.920,10 €
A/2007578	28/08/2007	854,88 €	136,78 €	991,66 €
		800,38 €	128,06 €	928,44 €

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor PUERTAS ATLANTICO SLU (C.I.F. B36826162), polo importe de 1.920,10 €, correspondentes ás facturas seguintes:

3º.- Ordenar o pago a favor de PUERTAS ATLANTICO SLU (C.I.F. B36826162) polo devandito importe de 1.920,10 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles” do orzamento vixente.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(288).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 261,60 € A FAVOR DE DIGAMEL S.A. POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 1025/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.01.08, dáse conta do informe-proposta do vocal interventor técnico no Mercado do Progreso, do 22.01.08, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, comercio e Cascos Históricos, que di o seguinte:

*En Vigo, a 22 de xaneiro de 2008, en relación có asunto de referencia, emítase o presente en base ós seguintes*

#### **FEITOS**

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 6 de marzo de 2006 acordóu “(...)1º.- Incoar expediente informativo á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo como concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do Mercado municipal do Progreso, ó obxecto de fiscalización da xestión e funcionamento do devandito servizo, e para poder determinar as causas que motivaron a situación actual e as medidas oportunas para subsanar-la.(...)3º.- Adoptar a medida cautelar excepcional de asumir a execución directa do servizo do Mercado municipal do Progreso ata a substanciación do expediente informativo previsto no punto 1º, co fin de garantir a prestación do servizo de mercado.”*

*Pola súa banda, en Sesión Ordinaria que tivo lugar o día 10 de abril de 2006, acordóu “(...)PRIMEIRO.- Prorrogar a medida excepcional de execución directa municipal do servizo do Mercado municipal do Progreso. (...) OITAVO.- Proceder a contratar a ampliación da prestación do servizo de limpeza no Mercado do Progreso, ó resultar este na actualidade insuficiente.NOVENO.- Contratar a prestación de servizo de seguridade no mercado, dado que na actualidade non existe é obrigatorio por imposición do artigo 3 do Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais(...)”*

*Por último, en data 6 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno acordóu:*

*“1º.- Acordar o secuestro da concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo e formalizada en documento administrativo en agosto de 2004.*

*2º.- O secuestro acordase ata que a resolución da concesión proposta no nº 4 do presente acordo adquira firmeza en vía administrativa, sin que poida exceder en ningún caso do prazo regulamentario de dous anos.*

*3º.- Nomear interventor técnico do Mercado do Progreso, en tanto dure o secuestro do mesmo, o vocal do Tribunal Económico Administrativo D. Miguel A. Pola Tombo.*

*4º.- Resolver o contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, por incumprimento culpábel do concesionario, previo trámite de audiencia ó mesmo, por prazo de 10 días para que manifeste o que o seu dereito conveña.*

*5º.- No caso de que no prazo concedido para alegacións á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo non formule oposición, a presente proposta de resolución adquirirá firmeza. En caso contrario, previa contestación ás alegacións plantexadas, solicitarase informe ó Consello Consultivo de Galicia.*

*6º.- Proceder a incautación da garantía constituída pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, mediante aval bancario prestado pola entidade Caixanova, en data 3 de xuño de 2003, por un importe de 3. 005, 00 €, previo trámite de audiencia a entidade avalista.*

*7º.- Proceder a liquidación da concesión, así como a determinación dos danos e perdas causados ó Excmo.*

Concello de Vigo por mor da modificación do obxecto da concesión e a conseguinte explotación do servizo de aparcadoiro.

8º.- Unha vez resolta a concesión, proceder ó outorgamento de autorizacións ós titulares dos postos de venda no Mercado do Progreso para garantir a continuidade na prestación do servizo de mercado, así como proceder a contratación dos servizos necesarios para o bo funcionamento do mercado, impostos no Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais”.

SEGUNDO.- Constatada a necesidade da prestación dos servizos imprescindibles para a execución dos citados acordos, a partida asignada para os gastos da Xestión do Mercado do Progreso revelóuse pronto insuficiente para facer fronte os gastos, e elo motivado principalmente polo feito de que os ingresos xenerados polas tarifas pola ocupación dos postos e pola imposición das sancións, destinados a xenerar crédito por ingresos de natureza non tributaria, precisaban duns actos de xestión previa que, téndose demorado no tempo, facían insuficiente o importe da partida orzamentaria correspondente, e elo non tanto pola insuficiencia dos ingresos previsibles en relación cós gastos, sinón máis ben polo desfase temporal entre o devengo dos segundos e a efectividade dos primeiros.

Consecuencia de elo, revelóuse a imposibilidade de proceder á contratación do servizo (tanto pola insuficiencia da partida de gasto como polo feito da duración, breve pero indeterminada, da medida temporal acordada polo Concello de Vigo), e por elo, comunicóuse á citada empresa, dado o carácter imprescindible do servizo para a axeitada xestión temporal do Mercado do Progreso, a necesidade de que se segue prestando os seus servizos, tendo realizados os mesmos dun xeito correcto, non sendo a demora na tramitación e no pagamento atribuíble en ningún caso a mesma.

Pola súa banda, no ano 2007, e dada a inexistencia de orzamento municipal, empregouse o saldo da partida destinada á atención dos gastos correntes do Mercado en abonar o importe das indemnizacións derivadas do Convenio para a resolución de mutuo acordo da concesión coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso.

Subsanada parcialmente a situación relatada a data de hoxe tralo convenio asinado coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso e a inclusión nos orzamentos de 2008 de contía axeitada e suficiente na partida 6220.227.06.11 “Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles”, o Concello de Vigo está en disposición de facer fronte ás obrigas de pago contraídas coa interesada en relación coas facturas por ela remitidas e que se relacionan a continuación:

Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
		225,43 €	36,07 €	261,50 €
04/FC/070651	15/02/2007	71,38 €	11,42 €	82,80 €
04/FC/072554	15/06/2007	92,50 €	14,80 €	107,30 €
04/FC/073397	15/08/2007	61,55 €	9,85 €	71,40 €

TERCEIRO.- As contías facturadas atópanse en tódolos casos nos valores normáis de Mercado, o proceder, de contías xa facturadas con anterioridade a asunción municipal da xestión do Mercado ou serresultado da continuación de prestacións contratadas polo Concello de Vigo, segundo se desprende dos correspondentes expedientes administrativos.

Constan asimesmo nos expedientes declaracións dos terceiros de que có abono das cantidades indicadas dáse por resarcido da débeda económica e de que os prezos son os normáis no mercado.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- As actuacións levadas a cabo polo Concello, en relación coas facturas de referencia, comprometeron, no seu día, un gasto corrente de carácter voluntario con irregularidades procedimentais que implican falta de crédito adecuado e suficiente, aínda que non ausencia total do procedemento, pero o primeiro punto determina a súa nulidade absoluta, de conformidade có establecido no RDLex 2/2004 e RD 500/1990, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar.

SEGUNDO.- Non obstante a devandita nulidade das actuacións municipais, as prestacións a favor deste



Concello, cuxo pago se reclama, foron realizadas a satisfacción deste, polo que debe procederse ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, recoñecendo obrigas correspondentes a exercicios anteriores, que por calquera causa non o tiveran sido en aquel ó que correspondían, atribuíndose á Xunta de Goberno Local tal recoñecemento, a fin de evitar un enriquecemento inxustificado desta Administración municipal, de conformidade coa base 28 das Bases de Execución do Orzamento para o exercicio, segundo a cal "(...) as débedas nacidas fora do presuposto serán obxecto de indemnización substitutiva e recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno da Corporación se non existise crédito adecuado e suficiente e pola Xunta de goberno Local nos demais casos (...)".

TERCEIRO.- No orzamento corrente, na partida 6220.227.06.11 "Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles", existe crédito suficiente para facer fronte ó recoñecemento extraxudicial que se propón e polo asinante se considera que non existe impedimento nin limitación á imputación deste gasto ó orzamento corrente en relación coas restantes necesidades de gasto que deben imputarse á partida en cuestión durante o ano en curso.

Existindo crédito orzamentario no orzamento corrente para facer fronte á indemnización substitutiva proposta, é competente para a súa aprobación a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### ACORDO

1º.- Aprobar o recoñecemento dos créditos antes expresados, todo elo sin prexuízo de esixir as correspondentes responsabilidades pola realización de gastos sin a correspondente partida orzamentaria, a favor de DIGAMEL SA (C.I.F. A36127314), na contía de 261,50 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor DIGAMEL SA (C.I.F. A36127314), polo importe de 261,50 €, correspondentes ás facturas seguintes:

Nº FACTURA	DATA FACTURA	FACT.BASE	FACT. IVE	FACT.TOTAL
		225,43 €	36,07 €	261,50 €
04/FC/070651	15/02/2007	71,38 €	11,42 €	82,80 €
04/FC/072554	15/06/2007	92,50 €	14,80 €	107,30 €
04/FC/073397	15/08/2007	61,55 €	9,85 €	71,40 €

3º.- Ordenar o pago a favor de DIGAMEL SA (C.I.F. A36127314) polo devandito importe de 261,50 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 "Deudas Mercado Progreso e Gastos Previsibles" do orzamento vixente.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(289).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A CARREIRA "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER", ORGANIZADA POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES, NO PARQUE DE CASTRELOS O DÍA 8.03.08. EXPTE. 7639/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, 22.02.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Concellería de Deportes, a organizar o vindeiro sábado 8 de marzo de 2008, a carreira popular "Día Internacional da Muller", que se levará a cabo no recinto do Parque de Castrelos a partir das 11.30 horas que terá un percorrido de 1.200 metros.

**25(290).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZAICÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2008. EXPTE. 2558/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 22.02.08, os documentos contables RC que acreditan a existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 20.02.08, conformado polo coordinador da Tenencia de Alcaldía, o concelleiro delegado de Animación Sociocultural e o tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación veciñal e cultural Casco Vello para a organización dos actos da Reconquista 2008.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 64.639,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación veciñal e cultural Casco Vello (CIF G-36.645.885), con cargo ás seguintes partidas presupostarias:

- 50.000,00 euros con cargo á partida 4512.227.0604 (Convenio Reconquista), do programa presupostario de Animación sociocultural para o vixente exercicio.

- 14.639,00 euros con cargo á partida 1112.227.0602 (Convenios e programas Tenencia de alcaldía), do programa presupostario da Tenencia de Alcaldía para o vixente exercicio.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL (2080.0000.77.0040277241).

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2008.*

*Vigo, a tres de marzo de dous mil oito.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. ENRIQUE MACÍAS CAMBRA, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN VECINAL Y CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO, CIF G-36645885, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Oliva, 12 - 36202 Vigo; no sucesivo A ENTIDADE.*

*MANIFESTAN*

*1. Que a Concellería de Animación sociocultural ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, e en especial naquelas celebracións relevantes para toda a cidade como é a Reconquista de Vigo, o 28 de marzo.*

*2. Que a celebración da Reconquista supón unha importante labor de revitalización do barrio histórico da cidade, mediante a organización de diferentes actividades lúdicas cunha notábel participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.*

*3. Que ambas as partes desexan establecer un marco de colaboración económico e organizativo para a celebración da RECONQUISTA 2008, a través de actividades nas que toda a sociedade viguesa teña a*

*oportunidade de participar, xa que na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.*

*Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

## **CLÁUSULAS**

*Primeira.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da RECONQUISTA 2008 que incluírá as actividades que figuran no Anexo ó convenio e que perseguen como principais fins:*

- 1) Dar a coñecer parte da historia da cidade de Vigo.*
- 2) Fomentar a participación das xentes dunha forma lúdica.*
- 3) Dinamizar cultural e socialmente o barrio.*
- 4) Recoñecer o Casco Vello como alternativa cultural e de ocio.*

*Segunda.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 64.639,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE (Anexo ó convenio), e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural e, no seu caso, da Tenencia de alcaldía.*

*A razón de dispoñibilidade de créditos con cargo ao programa de Tenencia de Alcaldía xustifícase na capitalización e reforzo deste órgano cara ao programa do Bicentenario da Reconquista para ano 2009, o que conleva unha serie de actuacións preliminares que complementen o proxecto de actuación coa mellora dos elementos escénicos, vestiario, e difusión; que incidan nunha mellora dos recursos destinados a promoción e difusión desta actividade, incidindo naqueles elementos de imaxe no ámbito da cidade en xeral e en particular no Casco Vello, e non tanto no propio programa cultural.*

*Do proxecto orzamentario serán vinculados o crédito do programa de Tenencia de Alcaldía, os seguintes gastos: vestiario, cartelería, confección de traxes, provisión de carabinas, gastos de representación na festa e material para exposición, polo importe de 14.639 euros.*

*Terceira.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:*

- 1. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.*
- 2. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións de carácter non municipal necesarios para a súa realización.*
- 3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 4. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor, de ser o caso, que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
- 5. Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Animación sociocultural; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do servizo e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, Concellería de Animación sociocultural. Ademais, a ENTIDADE terá que facer mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.*

6. *Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria das actividades obxecto deste convenio, dentro dos trinta días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos:*
  - *actividades levadas a cabo (con explicación detallada do seu desenvolvemento) e asistentes (número, perfil...);*
  - *memoria de prensa;*
  - *balance económico con detalle de gastos e ingresos definitivos;*
  - *conta xustificativa comprensíbel dos gastos efectuados, na que se relacionen os seguintes datos de facturas: emisor, CIF/NIF, data, número, importes con todos os impostos incluídos e conceptos facturados; igualmente, achegaranse as correspondentes facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio, conforme o establecido no artigo 6 do RD 1496/2003 (os custos salariais correspondentes a gastos de persoal acreditaranse con copias do contrato de traballo, nóminas asinadas polo preceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social).*
7. *Todo o material elaborado con cargo ó presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2007 (traxes, porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado (en perfecto estado de conservación e limpeza) nun lugar a determinar pola Concellería de Animación sociocultural.*
8. *Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.*
9. *A ENTIDADE terá que coordinar co departamento de prensa do CONCELLO todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.*

*Cuarta.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuito, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.*

*Quinta.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (64.639,00 euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0045.93.0040010217, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE, segundo o seguinte:*

- *Un primeiro pagamento á conta por importe de 32.319,50 euros, antes do día 28 de marzo.*
- *Un segundo e último pagamento por importe de 32.319,50 euros, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude de pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos trinta días seguintes á finalización da programación. O pagamento realizarase previa certificación do responsable do servizo de Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.*

*Sexta.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, presidida polo concelleiro de Animación sociocultural, e composta por dous membros designados polo Concello de Vigo e un pola Asociación Veciñal e cultural Casco Vello; como secretario actuará un técnico do Concello.*

*Sétima.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e da ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Oitava.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da ENTIDADE, no cal se*

recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.

As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Novena.- Este convenio terá carácter administrativo e rexerá polo establecido nas súas propias cláusulas e no non previsto estarase á regulación da Lei de contratos das administracións públicas para o contrato de servizos.

Décima.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

## **26(291).- REVISIÓN EXTRAORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4042/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do técnico de Admón. Especial, do 14.02.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*O servizo de montes, parques e xardíns, remite proposta de ampliación de contrato de prestación de servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo, por incorporación de novas rotondas ( Navia, Barreiro etc.), e cambios de superficie, por aumentos e diminucións destas, así como por novas plantacións obxecto da prestación do servizo.*

*As modificacións antes citadas dan orixen a revisión extraordinaria do prezo do contrato, que aparece prevista na cláusula IV-b, do prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación, e que de forma resumida, manifesta o seguinte:*

*" Procederá a revisión extraordinaria, cando o aumento e diminución das superficies das zonas verdes a conservar varie, ben a causa das alteracións producidas na superficie relacionadas no anexo ou ben por incorporación de novas zonas, ou por calquer outro motivo que comporte incremento de superficie a conservar.*

*Para o cálculo do prezo revisado, procederá aplicar ó cadro de prezos proposto polo contratista ( que terá como base ó recollido na cláusula do prego de condicións, debidamente actualizado de acordo co disposto no apartado a) desta cláusula) ás hectareas que aumenten ou diminúan, sumando ou restando, según proceda, a cantidade obtida ó prezo do contrato vixente no momento de se produci-la revisión extraordinaria.*

*.../*

*A aprobación destas modificacións contractuais corresponderá a Xunta de Goberno Local".*

*Según o informe do servizo o aumento resultante, calculado segundo o previsto no prego que rexeu a contratación, ascende a 100.366,86 euros , ( actualizado a prezos de 2008), como consecuencia de este incremento o prezo do contrato elevase a cantidade de 4.387.610,83 euros, que segundo proposta de enxeñeiro do servizo poderán ser cargadas a partida 4326-227.0601.*

*Tal como está previsto no expediente de contratación e se recolle no informe do servizo de montes, parques e*

xardíns esta ampliación contractual, implica un incremento dos medios humanos do contrato, segun calculos efectuados, de 4,17 postos de traballo, equivalentes a 7.089 horas de traballo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a revisión extraordinaria do prezo do contrato de prestación de servizos de conservación e reposicións de parques e xardíns do Concello de Vigo, adxudicado a empresa Cespa, S.A., por acordo da Xunta de Goberno local de 29 de marzo de 2005, por modificación das superficies obxecto do contrato, por un importe de 100.366,86 euros, polo que o prezo contractual pasará a ser de 4.387.610,83 euros ano.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **27(292).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DOS PROXECTOS “MELLORA DE ABASTECIMENTO NA RÚA AREAL-VIGO (LOTE 1) E REPOSICIÓN DE ABASTECIMENTO DO CAMIÑO SERARA VIGO (LOTE 2). EXPTE. 51287/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Meda de Contratación realizada o 20.02.08, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 27.02.08, que di o seguinte:

*En relación coa proposta da mesa de contratación de 13-02-2007 sobre a contratación por concurso aberto das obras dos proxectos do Expte 51287/250 e a vista de que unicamente existe consignación presupuestaria para os lotes 1 e 2, o acordo de adxudicación da Xunta de Goberno incluirá só os seguintes proxectos.*

*Lote 1: Mellora do abastecemento na Rúa Areal-Vigo*

*Lote 2: Reposición abastecemento camiño Seara-Vigo.*

*Polo tanto a proposta quedará redactada da forma seguinte:*

*“1.- Adxudicar a Xestión Ambiental de Contratas, S.L. o concurso para a execución das obras de mellora de abastecemento da rúa Areal, lote 1 do expediente 51287-250, por un importe de 213.394 euros e un prazo de garantía de 48 meses. Todo iso de acordo co proxecto e prego de cláusulas administratiavs aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 29-01-2007 e a oferta presentada”*

*2.- Adxudicar a Obras y Construcciones Dios, S.A. o concurso para a execución das obras de reposición do abastecemento do camiño Seara, lote 2 do expediente 51287-250, por un importe de 104.800,00 euros e un prazo de garantía de 54 meses. Todo iso de acordo co proxecto e prego de cláusulas administratiavs aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 29-01-2007 e a oferta presentada” .*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **28(293).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COBERTURA WIFI NA PRAZA DE AMÉRICA DE VIGO. EXPTE. 3117/113.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

#### **29(294).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DO PUNTO XOVE E DO INFOBÚS. EXPTE. 2142/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 19.02.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 21.02.08, conforamdo pola concelleira da Área de Xuventude e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 144.000 euros para a contratación da asistencia para a xestión do Punto Xove da Concellería de Xuventude que se imputarán á partida presupuestaria 452.0.227.06.02 do vixente presuposto e o dos anos 2009 e 2010.

2º.- Aproba-lo prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 08.02.2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica para a xestión do Punto Xove da Concellería de Xuventude .

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación Urxente.

**30(295).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O SERVIZO DE INFORMACIÓN XUVENIL DA CONCELLERÍA DA XUVENTUDE. EXPTE. 2141/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 19.02.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 21.02.08, conforamdo pola concelleira da Área de Xuventude e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 320.000 euros euros para a contratación da asistencia técnica de Información Xuvenil Concellería de Xuventude que se imputarán á partida presupuestaria 452.0.227.06.03 do vixente presuposto e o dos anos 2009 e 2010.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 20-02-2007 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica de Información Xuvenil Concellería de Xuventude.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación urxente.

**31(296).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DAS LUDOTECAS DA CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA. EXPTE. 2157/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 19.02.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 22.02.08, conforamdo pola concelleira da Área de Xuventude e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 360.000 euros euros para a contratación da asistencia técnica nas ludotecas da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia que se imputarán á partida presupuestaria 452.0.227.06.00 do vixente presuposto e dos anos 2009 e 2010.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias

técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 08/02/2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica nas ludotecas da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación urgente.

**32(297).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DO INMOBLE SITUADO NA RÚA ROSALÍA DE CASTRO 41-Z. EXPTE. 18260/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 21.01.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Xunta de Comunidade de propietarios do inmovible situado na rúa Rosalía de Castro 41,Z, a cantidade de 1.180,93 euros, en concepto de cotas de Comunidade, de decembro 2004 ata decembro de 2007, pola propiedade do baixo de propiedade municipal en dito inmovible.

**33(298).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DO INMOBLE SITUADO NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18266/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 31.01.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cotas de comunidade, á Comunidade de Propietarios de Inmovible sito na rúa República Argentina nº 12-14, a cantidade de 6.408,75 €, quedando liquidada a débeda coa Comunidade de propietarios dende outubro 2007 ata febreiro de 2008, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

**34(299).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

Examinadas as actuacións dos expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes proposta do xefe de Negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a CONSTRUCCIONES DIOS S.A. a fianza de 2.348,24 € constituída para responder da substitución de tubería de fibrocemento en Ríos-Teis, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 12.05.03 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1627/241.

B) Devolver a HIDROESTRUCTURAS S.L.:

- A fianza por importe de 3.184,20 € constituída para responder da construción de beirarrúas na rúa Cantabria, xa que as obras foron recibidas mediante acta do 15.12.06 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 699/443.
- A fianza por importe de 2.941 € constituída para responder da construción de beirarrúas na rúa San Cristobal, xa que as obras foron recibidas mediante acta do 15.12.06 por executarse conforme



ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 698/443.

- A fianza por importe de 2.790,64 € constituída para responder da construción de beirarrúas na baixada á Salgueira, xa que as obras foron recibidas mediante acta do 15.12.06 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 697/443.

C) Devolver a ROYMER S.L.:

- A fianza por importe de 2.830,03 € constituída para responder da rehabilitación de muro no Parque Camilo José Cela xa que as obras foron recibidas mediante acta do 14.11.06 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 696/243.
- A fianza por importe de 1.358 € constituída para responder da rehabilitación de muro na Praia da punta en Teis xa que as obras foron recibidas mediante acta do 7.03.06 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 695/243.
- A fianza por importe de 2.426,24 € constituída para responder da rehabilitación de muro na zona de Alfonso XIII-RENFE xa que as obras foron recibidas mediante acta do 30.11.06 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 694/243.

**35(300).- RECLAMACIÓN DE D. RAMÓN FERNÁNDEZ COSTA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1575/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 18.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

*Antecedentes:*

*D. Ramón Fernández Costa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de abril de 2007, polos danos e perdas derivados dun accidente sufrido o día 2 de marzo de ese mesmo ano, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 6434-CFF, pola rúa Toledo, á altura do número 98, como consecuencia da existencia dunha focho na calzada.*

*A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 08/05/2007 e 06/06/2007, sobre o estado da calzada no lugar referido na reclamación.*

- Informe do servizo da Policía Local, de data 22/06/2007, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 03/07/2007, manifestando que os prezos contidos nas facturas de reparación presentadas polo reclamante son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 13/07/2007, que non formula alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio do Sr. Fernández, que acredita cunhas facturas de reparación en sendos talleres mecánicos os danos sufridos no seu vehículo. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter as vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo o reclamante concorre neste caso, dado que manifesta ter danado o seu vehículo por mor do mal estado calzada, circunstancia corroborada polo Servizo de Vías e Obras municipal.*

*Cuarto.- No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia do accidente. No entanto, o Sr. Fernández ó sufrir o presunto accidente non chamou á Policía local para que a autoridade pública tivera coñecemento dos feitos, nin tampouco durante a instrución do procedemento presentou testemuña presencial do accidente que puidera dar fe da súa realidade e da causa*

do mesmo. Como proba dos feitos o Sr. Fernández límitase a presentar unhas fotografías da calzada onde presuntamente ocorreu o accidente, e a facturas de reparación do seu vehículo nun taller mecánico, elementos que so proban que o seu vehículo sufriu determinados danos, pero que non permiten vincular ós mesmos ó funcionamento anormal do servizo de mantemento viario municipal. A vista destes datos, a informante conclúe que, se ben non existe dúbida de que o vehículo do Sr. Fernández sufriu danos, non existe proba ningunha da súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Ramón Fernández Costa en data 30 de abril de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **36(301).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ A. MARTÍNEZ ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1590/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 15.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE ).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

*Antecedentes:*

D. José Angel Martínez Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de maio de 2007, no que expón que o día 25 de xaneiro de 2007, o vehículo de súa propiedade, matrícula 2443-CYS, foi retirado polo guindastre municipal da rúa Couto de San Honorato por obstaculizar a entrada un inmovible, e ó recollelo do depósito municipal dous días máis tarde este presentaba unha serie de danos materiais que non existían no momento da súa retirada polo guindastre.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da Policía Local, de data 05/06/2007.
- Informe da empresa Estacionamientos y Servicios, S.A., concesionaria do servizo de guindastre municipal, de data 06/06/2007.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 13/06/2007.

- Evacuábase trámite de audiencia a Estacionamientos y Servicios, que formula alegacións en data 28/06/2007.
- Evacuábase trámite de audiencia ó reclamante, que non formula alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública, aínda que tal servizo é asumido por unha empresa contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade de ambas as dúas para determinar cal é a responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas (artigos 25.2.b LBRL e 80.2.b LALGA). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 1994, acordou adxudicar o servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública á empresa Estacionamientos y Servicios, S.A., formalizándose o contrato en data 21 de setembro do mesmo ano. Este contrato tiña prevista unha duración inicial de cinco anos, segundo o previsto na cláusula II do prego de condicións económico-administrativas que rexeu a adxudicación, máis foi obxecto de prórroga, polo que se atopaba en vigor na data do accidente obxecto do presente procedemento.*

*Cuarto.- O Sr. Martínez manifesta que ó retirar o vehículo do depósito municipal este presentaba danos no paragolpes dianteiro, aleta e porta dianteira esquerda, feitos que denuncia na folla de autoliquidación da taxa para a retirada do vehículo do depósito municipal. No entanto, da proba practicada durante a instrución do expediente dedúcese que os danos reclamados xa os presentaba o vehículo na data da súa retirada polo guindastre municipal. Así, EYSA acompaña o seu informe cunhas fotografías dixitais nas que se aprecia claramente que os danos reclamados xa existían, tal e como declara, antes do inicio das manobras de enganche, remolque e traslado do vehículo ó depósito municipal. Á vista destes datos podemos concluír que non existe relación de causalidade entre os supostos danos e o funcionamento, normal o anormal, do servizo de guindastre municipal.*

*Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.*

*En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Ángel Martínez Alonso, en data 10 de maio de 2007, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **37(302).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. CARMEN MARTÍNEZ RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1551/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 11.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### *Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

#### *Antecedentes:*

*Dna. Carmen Martínez Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de abril de 2007, no que expón que o día 10 de marzo de 2007, cando circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula M-4224-VP, pola rúa Barciela, á altura do número 7, sufriu danos materiais no mesmo por mor da existencia dunha focha na vía.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación do servizo da Policía Local, de data 10/03/2007 nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, D. David Cotilla Martínez (conductor do vehículo da Sra. Martínez) relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia de danos no vehículo e dunha focha de grandes dimensións na calzada, tras unha curva.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/05/2007, sobre o estado do lugar do accidente, indicando que a focha xa fora reparada.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 05/06/2007, manifestando que os prezos contidos na factura nº 71368/07, presentada pola reclamante, por un valor de 182,29 euros son correctos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 21/06/2007, que non formula alegacións.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o*

xustifique.

- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Martínez, que queda acreditado coa presentación dunha factura dun taller mecánico de reparación dos danos sufridos no seu vehículo.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81. a LALG). A Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase no expediente o deficiente estado da calzada, así o corrobora o informe da Policía Local. Podemos concluír, polo tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos pola Sra. Martínez e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Martínez, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A reclamante achega ó expediente unha factura de reparación do seu vehículo dun taller mecánico por un importe de 182, 29 €, que o servizo de Parque Móbil do concello, estima correcta, resultando procedente o seu aboamento.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D<sup>a</sup>. Carmen Martínez Rodríguez , en data 13 de abril de 2007, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta, indemnizándoa coa cantidade de 182, 29 € en concepto de danos e prexuízos”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **38(303).- RECLAMACIÓN DE D. OSCAR DEAÑO GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1467/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 14.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

D. Óscar Deaño García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 26 de febreiro de 2007, no que expón que en data 9 de febreiro de 2007, circulando polo túnel de Beiramar, coa motocicleta da súa propiedade con matrícula 0441-DZW, sufriu danos materiais en dúas rodas tras pasar por unha focha existente na calzada á saída de dito túnel.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Servizo da Policía Local, de data 1.3.2007, manifestando non teren constanza dos feitos denunciados.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 15.3.2007, sobre o estado do lugar no que o reclamante di que ocorreu o accidente.
- Informe do Servizo do Parque Móbil, de 11.4.2007, comunicando que se ben o vehículo non foi presentado nas súas instalacións polo que non poden verificar os danos que puideron producirse, os prezos contidos na factura de Motor Vigo, S.L. por un importe de 405,57 euros IVE engadido, son correctos.
- Evacuouse trámite de audiencia á U.T.E. Imes-Esycsa, concesionaria responsábel do mantemento do túnel de Beiramar, que fai alegacións en data 18.5.2007.
- Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante con data 1.6.2007, que non fai alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que dita lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere, e en consecuencia o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordeamento encomenda á administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da conducción e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.

*Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe de esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*Neste senso a efectos de proba dos danos no seu vehículo o reclamante achega unha factura de reparación de data 9 de febreiro de 2007 así como unhas fotografías que proban que o vehículo sufriu uns danos pero non donde nin a consecuencia de que. Solicitado informe sobre os feitos polos que se reclama ós servizos correspondentes, tampouco tiñan constanza deles, e tampouco hai testemuñas presenciais do accidente, polo que como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame núm. 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada. Polo tanto, non hai ningún dato no expediente que permita relacionar os danos reclamados co funcionamento normal ou anormal de ningún servizo municipal.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Óscar Deaño García, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente polo que se reclama e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **39(304).- RECLAMACIÓN DE D. ANGEL LÓPEZ ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1453/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 14.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Angel López Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de febreiro de 2007, no que expón que o día 6 de febreiro de 2007 circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 2629-BZT pola avenida de Castrelos e tivo un accidente ó pasar por enriba dunha tapa de sumidoiro, producíndose danos materiais nunha roda do vehículo, polo que solicita se lle aboe o importe do arranxo da roda.*

*A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do Servizo da Policía Local, de data 23.3.2007, no que os axentes actuantes confirman os feitos relatados polo reclamante.*
- *Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 18.4.2007, sobre o lugar onde tivo lugar o accidente, manifestando que os sumidoiros que hai na zona pertencen á rede de saneamento.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 7.10.2007.*
- *Evacuouse trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que fai alegacións en data 14.6.2007.*
- *Evacuouse trámite de audiencia ó reclamante en data 8.6.2007, que non fai alegacións.*



#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No expediente, dse conformidade co parte de servizo da Policía Local de Vigo que acudiu ó lugar resulta acreditado que o interesado sufriu danos na súa roda traseira dereita do seu vehículo, atopándose a tapa do rexistro desprazada do seu anclaxe no centro do carril, colocándoa os axentes novamente no seu lugar. Segundo informou o Servizo de vías e obras do Concello dito rexistro pertence á rede de saneamento e abastecemento de augas, da que é concesionaria Aqualia. Na factura que o reclamante achega figura o arranxo de dous neumáticos por importe de 102,93 euros, polo que sería procedente o aboamento de sun deles por importe de 51,46 euros.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó perxudicado.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.*

*A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a*

reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixiráselle á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Angel López Alonso.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 51,46 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **40(305).- RECLAMACIÓN DE D. DELMIRO LÓPEZ VÁZQUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1464/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 14.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*D. Delmiro López Vázquez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 21 de febreiro de 2007, no que expón queo día 16 de febreiro de 2007, circulando polo túnel de Beiramar, co vehículo da súa propiedade con matrícula 7712-CLX, sufriu danos materiais tras pasar por unha focha existente na calzada, á saída de dito túnel.*

*A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do Servizo da Policía Local, de data 16.2.2007, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. López relátalles o accidente que tivera.*
- *Informe do Servizo de Vías e Obras de data 15.3.2007, sobre o estado do lugar no queo reclamante di que ocorreu o accidente.*
- *Informe do Servizo do parque móbil, de data 11.4.2007., comunicando que se ben o vehículo non foi presentado nas súas instalacións polo que non poden verificar os danos que puideron producirse, os prezos contidos na factura de Euromáster Automoción y Servicios, S.A., que presenta o reclamante,*

por un importe de 226,76 euros IVE engadido, son correctos.

- Evacuábase trámite de audiencia á U.T.E. Imes-Esycsa, concesionaria responsábel do mantemento do túnel de Beiramar, que fai alegacións o 18.5.2007.
- Evacuábase trámite de audiencia ó reclamante con data 25.5.2007, que non fai alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que dita lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere, e en consecuencia o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordeamento encomenda á administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía apercíben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.*

*Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe de esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).*

*Neste senso a efectos de proba dos danos no seu vehículo o reclamante achega unha factura de reparación de data 16 de febreiro de 2007 e unhas fotografías que proba que o vehículo sufriu uns danos pero non donde nin a consecuencia de que. Solicitado informe sobre os feitos polos que se reclama ós servizos correspondentes, tampouco tiñan constanza deles, e a Policía Local recolle simplemente as declaracións do solicitante, por canto o vehículo tampouco se atopaba no lugar. Tampouco hai testemuñas presenciais do accidente, polo que como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame núm. 461/2006), a súa postura non pasa de*

*ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada. Polo tanto, non hai ningún dato no expediente que permita relacionar os danos reclamados co funcionamento normal ou anormal de ningún servizo municipal.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Delmiro López Vázquez , por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente polo que se reclama e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **41(306).- RECLAMACIÓN DE D. ENRIQUE OTERO COVELO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1183/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 19.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*Don Enrique Otero Covelo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 10 de agosto de 2006, no que expón que o 8 de agosto de 2006 na rúa Travesía de Vigo esquina rúa Bailen sufriu danos físicos e rompeu as súas gafas por mor das obras que nas beirarrúas realizaba a empresa Indeza, contratada polo Concello, debido á mala colocación das vallas no lugar.*

*A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 22.2.2007, sobre lugar do accidente, indicando que nel realizaba obras de remodelación a empresa Endeza.*
- *Informe da Policía Local, de data 21.3.2007 no que manifestan non teren constanza dos feitos polos que se reclama.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 16.7.2007.*
- *Práctica de proba testifical á testemuña proposta polo reclamante en data 11.10.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á empresa Indeza, Edificación y Obra Civil, S.L., que fai alegacións en data 22.8.2007 e 5.11.2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante que fai alegacións o 23.11.2007.*

##### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Terceiro.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial).*

*Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).*

*Do exame do expediente resulta acreditado que o reclamante caeu na rúa Travesía de Vigo, nunha zona onde se estaban realizando obras de remodelación pola empresa Indeza, causándose lesións corporais e a rotura das súas gafas.*

*Respecto ós danos corporais polos que se reclama, estes se avalían no dítame médico solicitado ó efecto en 755,25 euros considerando á vista da documentación médica aportada 15 días de incapacidade temporal non impeditiva. Non procede, non obstante apreciar secuela ningunha por canto ésta non se establece nin tampouco o seu carácter crónico claramente en ningún informe médico.*

*Reclámase así mesmo o importe de reposición dos cristales das súas gafas que o reclamante afirma que rompeu na súa caída. Non obstante soamente se proba, pola proba testemuñal practicada, a rotura dun deles que segundo a factura achegada o sería por un valor de 301.50 euros.*

*Cuarto.- No expediente, en especial do informe do Servizo de Vías e Obras do Concello, resulta que no lugar onde o reclamante caeu se estaban realizando obras de remodelación pola empresa Indeza Edificación y Obra Civil, S.L..*

*O artigo 97.1 do Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas establece que será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perxuízos que se causen a terceiros como consecuencia da execución do contrato, salvo que os danos foran ocasionados como consecuencia dunha orde directa da Administración. Nestes supostos o núm. 3 do mesmo artigo di que deberá ser o órgano de contratación o que, a requirimento dos terceiros afectados he oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes lle corresponde a responsabilidade por ditos danos.*

*De conformidade co anterior, e á vista do expediente, dado que non se aprecia ningunha orde directa da Administración como causa dos danos, resulta que no suposto de que se acreditara o preciso nexo causal entre ditos danos e as obras que se estaban a realizar tería que responder deles a empresa Indeza Edificación y Obra Civil, S.L..*

*Quinto.-No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración,*

tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Ademais, e de conformidade coa máis recente doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo (STS 27/10/1998), a consideración de feitos que poidan determinar a ruptura do nexos de causalidade ten que se reservar para aqueles que comporten forza maior, ós que importa engadir a intencionalidade da vítima na produción ou o padecemento do dano, ou a gravísima negligencia dela, sempre que estas circunstancias fosen determinantes da existencia da lesión e a conseguinte obriga de soportala.

Neste suposto o reclamante a efectos de proba do acontecido propuso proba testemuñal, e a testemuña indica que: nas obras que se estaban a realizar na zona había pasos suficientes para pasar aparte da zona que se atopaba vallada, que a zona era moi concorrida e que tiveran que vallar moi ben para que a xente non se metera na obra, e que se ben non viu como o reclamante caeu os das subcontrata dixéronlle que o señor apartou unhas vallas para entrar ó edificio nunha zona non habilitada para isto e que tropezou e caeu nunhas baldosas que estaban recién colocadas.

Consonte co anterior, circunstancias que no resultan desvirtuadas no expediente posto que a estes efectos soamente están as propias declaracións do perxudicado que xurídicamente carecen de valor probatorio, apreciada a grave negligencia da solicitante ó cruzar por un lugar non habilitado para elo nin para o tránsito de peóns, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e non indemnizábel.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Enrique Otero Covelo por unha caída ocorrida o día 8 de agosto de 2006 na Travesía de Vigo, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **42(307).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ CARLOS POLO APARICIO E D<sup>a</sup>. TAMARA UCHA GROBA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1473/243. REONSABLE UTE CONTENUR S.L.-OTTO INDUSTRIAL S.A.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 14.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

Don Jose Carlos Polo Aparicio e dona Tamara Ucha Groba no nome e representación da entidade Reale Seguros Generales S.A. presentan reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de febreiro de 2007 no que expón queo día 26 de marzo de 2006, circulaba don José Carlos co vehículo de súa propiedade con matrícula 7052-DCC, pola avenida de Madrid, á altura do núm. 62, e éste foi alcanzado por un colector de lixo, causándolle danos materiais.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do Servizo da Policía local de data 26.3.2007 no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos o Sr. Polo relátalles o accidente que tivera, e igualmente comprobán

os danos causados ó vehículo.

- Informe do Servizo de Limpeza, de data 30.3.2007.
- Informe do Parque Móbil, de data 11.4.2007, comunicando que os prezos contidos no informe de valoración de Reale Seguros presentado polos reclamantes, son correctos.
- Práctica de proba testemuñal en data 15.6.2007 á testemuña proposta polo reclamante.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contenur-Otto, concesionaria do Servizo de mantemento de colectores de lixo que fai alegacións en data 5.7.2007.
- Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que fai alegacións o 31.7.2007.
- Evacúase trámite de audiencia ós reclamantes en data 4.9.2007, que non fan alegacións

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un perxuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza mayor.*

*Segundo.- Ademáis de don Jose Carlos Polo Aparicio, a entidade Reale Seguros Generales, S.A. atópase lexitimada como parte no presente procedemento por canto o artigo 43 da Lei do contrato de seguro establece que unha vez aboada a indemnización que corresponda pola compañía aseguradora, ésta atoparase lexitimada para exercer os dereitos e accións que por razón do sinistro corresponderan ó asegurado fronte ás persóas responsabeis del, ata o límite da indemnización que se aboara.*

*Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son suministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado.*

*En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como recolectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, recolectores suministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*Carto.-A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto legislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das probas propostas, das actuacións seguidas no expediente, resulta que, sendo as condicións climatolóxicas adversas por canto nesas datas fixo un forte vento que motivou que diversos colectores de lixo de desprazaran sen que constituía non obstante forza maior, resultan constados os danos no vehículo de don José*

*Carlos Polo Aparicio e que forn a consecuencia dun colector que bateu contra el. A reparación de ditos danos o foi por un importe de 1.608,13 euros, dos que don José Carlos fíxose cargo de 400 euros pola franquía do seguro que tiña concertado con Reale Seguros Generales e o restante por un importe de 1.208,13 foi a cargo de dita aseguradora..*

*Do anterior, resulta que sendo as condicións climatolóxicas adversas, sen que resulte acreditada non obstante ningunha causa de forza maior, o colector, foi desprazado por circunstancias da climatoloxía ata a calzada, topando co vehículo que circulaba polo lugar, polo que é obvio que nos atopamos ante un dano que é consecuencia directa do funcionamento dun servizo público que o particular non ten a obriga xurídica de soportar, ó non estar o colector debidamente freado.*

*Quinto.- O dano prodúcese no marco dun servizo público, aínda que este servizo é asumido por un concesionario por canto o Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 29/07/2002 acordou adxudicarlle á Unión Temporal de Empresas formada por Contenur España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para instalación, reposición e mantemento dos colectores e papeleiras no Concello de Vigo.*

*Os artigos 128.1.3º do Decreto de 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 121.2 da Lei 16/12/1954, Lei de Expropiación Forzosa, impoñen ó concesionario dun servizo público a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles cause o funcionamento do dito servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola corporación con carácter ineludíbel No mesmo senso pronúnciase o artigo 97 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas. O procedemento para reclamar danos nestes supostos regúlase nos artigos 121 e 55 da Lei de 16/12/1954 citada, establecendo que a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, quen resolverá tanto sobre a procedencia da reclamación sobre quen a debe aboar, resolución que deixará aberta a vía contencioso-administrativa.*

*Resulta preciso destacar a este respecto que o prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato coa concesionaria establece na súa cláusula x-f) a obriga do concesionario de responder de que, en todo momento, estean instalados e en perfectas condicións de uso os colectores e papeleiras, e na súa cláusula II.2.c) como prestación ou de mantemento e reposición delas. Consecuentemente co anterior, na cláusula X.I.c) que o contratista estará obrigado a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello.*

*Polo exposto ,proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don José Carlos Polo Aparicio e dona Tamara Ucha Groba, actuando ésta última no nome e representación de Reale Seguros Generales, S.A..*

*2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Contenur S.L./ Otto Industrial S.A., concesionaria do servizo municipal de instalación, limpeza, mantemento e reposición de colectores e papeleiras, por incumprimento do artigo X punto 2 do prego de condicións administrativas que rixe a concesión e de conformidade co establecido no artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño , debendo a dita empresa indemnizar á don Juan Carlos polo Aparicio na contía de 400 euros, e a Reale Seguros Generales, S.A. na contía de 1.208,13 euros”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **43(308).- RECLAMACIÓN DE D. EMILIO JOSÉ COMESAÑA COMESAÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1395/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 21.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*



D. Emilio José Comesaña Comesaña presenta reclamación de responsabilidade mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral do Concello o 15 de xaneiro de 2007, no que expón que o día 29 de decembro de 2006, cando circulaba co vehículo da súa propiedade con matrícula 4927-DGK polo túnel de Beiramar, o seu vehículo sufriu danos por mor dunha vigeta de ferro caída.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do do Servizo da Policía Local, de data 29.12.2006, no que os axentes actuantes manifiestan que, persoados no lugar dos feitos, don Juan Carlos Barros Correa, condutor do vehículo con matrícula PO-3358-U, propiedade de Grúas Garaje Bouzas S.L., e asegurado coa compañía Allianz Seguros lles manifesta que caera del unha barra de ferro, causando danos a unha serie de vehículos, entre os que se atopaba o do Sr. Comesaña.
- Informe do Servizo de Parque Móbil, de 7.2.2007, sobre os prezos contidos nos albaráns presentados polo reclamante.
- Evacúase trámite de auddiencia á U.T.E. Imes/Esycsa, concesionaria do servizo de mantemento do túnel de Beiramar, que fai alegacións o 2.3.2007.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante o 16.3.2007, que non fai alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- O presunto dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración. Non obstante o mantemento do túnel onde tiveron lugar os feitos está adxudicado á U.T.E. Imes/Esycsa. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais, e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel. O artigo 123 da mesma lei di que: “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

*Terceiro.- O funcionamento do servizo do que responde a Administración será aquel que se pode controlar por medios normais e razoábeis, e o nexo causal entre a actuación administrativa e o dano ten que ser directo, inmediato e exclusivo. Ademais é doutrina xurisprudencial consolidada (STS 20/06/2000) a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conduta do propio prexudicado ou a dun terceiro a única determinante do dano producido, por canto a causa determinante do dano é allea á prestación do servizo pola Administración.*

*Son feitos probados no expediente, consonte co parte do servizo da Policía local de Vigo que acudiu ó lugar, que o obxecto metálico que causou danos no vehículo do reclamante caera doutro vehículo asegurado por Allianz Seguros, cuxo condutor manifestoulle á Policía que daría parte do incidente á mesma co fin de solucionaren os danos causados.*

*Do anterior se desprende a intervención no feito causante dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración que inconscientemente causou o accidente, polo que se rompe o carácter directa entre o actuar administrativo e o prexuízo causado, correspondéndolle á súa compañía aseguradora reparar os danos causados. Sendo este o caso, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración coa subseguinte indemnización, por non resultar acredita a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público.*

*E así acreditada unha orixe allea á prestación de ningún servizo público que rompe o carácter directo entre o actuar administrativo e o prexuízo ocasionado é polo que procede desestimar a solicitude.*

*Polo exposto , proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Emilio José Comesaña Comesaña, por un accidente ocorrido no túnel de Beiramar o 29 de decembro de 2006 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **44(309).- RECLAMACIÓN DE D. ANTONIO ESPINAR MOURE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1452/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 21.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

##### *Antecedentes:*

*D. Antonio Espinar Moure presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito no Rexistro xeral do Concello de data 14 de febreiro de 2007, no que expón que o día 21 de xullo de 2006, circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula 8689-DKD, pola avenida de Beiramar, e esvarou por mor da presenza de area na calzada, causándose danos materiais á motocicleta e danos físicos.*

*A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do Servizo da Policía Local, con data 21.7.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sr. Espinar relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobaban a existencia de danos materiais no vehículo accidentado e de lesións no solicitante, indicando que dado que a cantidade de grava existente no lugar era escasa, procederon eles mesmos a retirada.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 11.4.2007 sobre os prezos do informe valoración de danos na motocicleta presentado.*
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 24.4.2007, no que indican que no lugar non había*

*desperfectos nin hai constancia de obras na zona.*

- *Informe do servizo de Limpeza, de data 3.5.2007 no que indican que consultados os arquivos do servizo non tiñan constancia sobre o accidente denunciado.*
- *Ditáme sobre valoración de danos corporais de data 30.7.2007.*
- *Evacuáase trámite de audiencia ó reclamante, que fai alegacións en data 27.7.87.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- En primeiro lugar, de conformidade co Parte do servizo da Policía Local, acréditase que a consecuencia da caída do reclamante a motocicleta sufriu uns danos que se presupostan en 3.604,94 euros, o que se estima correcto polo Servizo de Parque Móbil do Concello.*

*Polo que atinxe ós danos corporais padecidos solicitouse ditáme médico ó efecto, que foi emitido o 30.7.2007 e que no que consonte o art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se valoran ditos danos á vista da documentación médica achegada en 271,20 euros, por 10 días parciais de incapacidade non impeditiva.*

*Terceiro.-Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade dun dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*Cuarto.-Nesta materia e segundo a doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicia (entre outros, ditame 401/2006), así como Consejo de Estado, cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é imprevisíbel e non se pode acreditar a orixe duna mancha de aceite ou outro obstáculo e nin sequera o momento temporal en que se formou, xa que de poderse constatar que se formara con anticipación de días, ou logo dun importante número de horas abundas para detectar e despexar a vía dese elemento estraño, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa (STS 07.10.1997 e*

03.12.2002).

O funcionamento do servizo do que responde a Administración será aquel que se pode controlar por medios normais e razoábeis, e o nexa causal entre a actuación administrativa e o dano ten que ser directo, inmediato e exclusivo. Ademais é doutrina xurisprudencial consolidada (STS 20/06/2000) a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conduta do propio prexudicado ou a dun terceiro a única determinante do dano producido, por canto a causa determinante do dano é allea á prestación do servizo pola Administración.

Do parte do servizo da Policía local de Vigo que acudiu ó lugar, resulta que o reclamante é quen lles manifesta que a caída tivo lugar por mor da area que se atopaba na calzada, sen que no expediente figuren testemuñas directas dos feitos, visualizando aos axentes actuantes una escasa cantidade de ésta. Estes actuaron con prontitude e dilixencia ó retirala por se mesmos sen que fora preciso outra actuación ó respecto.

Do resto da documentación que hai no expediente resulta que no lugar non se realizaban obras que puidesen ter dado lugar a esa area nin hai constancia de que proveñera dalgunha actuación municipal. Do anterior se desprende a intervención no feito causante dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración que inconscientemente causou o accidente ó derramar dita area ou grava, polo que se rompe o carácter directo entre o actuar administrativo e o prexuízo causado. Sendo este o caso, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, e isto sen perxuízo de que non hai proba bastante de que dito obstáculo fora o causante inmediato do accidente, por canto a estes efectos xurídicamente non é proba bastante as simples manifestacións do interesado. E así acreditada unha orixe allea á prestación de ningún servizo público que rompe o carácter directo entre o actuar administrativo e o prexuízo ocasionado, é polo que procede desestimar a solicitude.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Antonio Espinar Moure por un accidente co seu vehículo matrícula 8689-DKD o día 21 de xullo de 2006 na rúa Beiramar de Vigo, ó non acreditarse a necesaria relación de causalidade entre os feitos polos que se reclama e o funcionamento dun servizo público municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **45(310).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ANA MARÍA BODELÓN SANJURJO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1468/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 18.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Ana María Bodelón Sanjurjo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 26 de febreiro de 2007, no que expón que o día 23 de febreiro de 2007, circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula 9402-DCD, pola avenida Alcalde Portanet e tivo un accidente ó pasar por enriba dun sumidoiro aberto, producíndose danos materiais nunha roda do mencionado vehículo.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do Inventario municipal de data 28.2.2007 no que indican que a avenida Portanet figura de alta no listado de actualización e rectificación do Inventario municipal de Vigo.*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 13.4.2007 sobre o lugar onde ocorreu o accidente, indicando que o mantemento do servizo de saneamento e abastecemento é de competencia da concesionaria Aqualia
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 17.4.2007, manifestando que os prezos contidos na factura de Talleres Roda-Mos Autocentro, presentada pola reclamante, por un importe de 106,95 euros IVE incluído son correctos.
- Parte do servizo da Policía Local, de data 2.5.2007, manifestando non teren constancia dos feitos polos que se reclama.
- Práctica de proba testemuñal en data 10.8.2007 a unha das persoas propostas pola reclamante.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que non fai alegacións.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que fai alegacións en data 6.9.2007.

#### Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, de conformidade coa proba testemuñal practicada resulta acreditado que o interesado sufriu danos no seu vehículo producidos por unha tapa de saneamento que se levantou, sendo as circunstancias climatolóxicas adversas con moita chuvia, sen que resulte acreditada forza maior, danos avaliados en 106,95 euros IVE engadido.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal

servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de expropiación forzosa, impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Ana María Bodelón Sanjurjo.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 106,95 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **46(311).- RECLAMACIÓN DE D. DIEGO JOSÉ POSADA IGLESIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1474/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 14.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### Antecedentes:

D. Diego José Posada Iglesias presenta reclamación de responsabilidade e mediante escrito de data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 1 de marzo de 2007, no que expón que o día 23 de setembro de 2006, circulaba coa motocicleta de súa propiedade, matrícula C-3128-BRG, polo camiño de Sousa e sufriu unha caída ó esvarar por mor da presenza dunha mancha de aceite na vía, producíndose danos materiais á motocicleta..

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación do Servizo da Policía Local, con data 23.9.2006, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o SR. Posada relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán os danos na motocicleta e a existencia de líquidos esvaradíos na calzada.
- Informes do servizo de Limpeza, de datas 24.4.2007 e 1.8.2007, no que indican que tras recibir unha chamada de aviso da Policía local, procederon á limpeza da mancha, descoñecendo a súa procedencia e a frecuencia de limpeza da vía.
- Informe do servizo de Parque Móbil, 7.5.2007, sobre os prezos contidos na factura achegada polo reclamante.
- Práctica de proba testemuñal en data 11.7.2007, a unha das testemuñas propostas polo reclamante.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 4.9.2007, que non fai alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.-Constátase polos documentos obrantes no expediente a realidade dun dano na motocicleta accidentada, por canto nas dilixencias policiais os axentes actuantes constatan que ésta presentaba danos no carenado dereito e o pedal do freo. Procede polo tanto examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Terceiro.- Nesta materia e segundo a doutrina reiterada do Consello consultivo de Galicia (entre outros, ditame 401/2006), cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é

*imprevisíbel e non se pode acreditar a orixe da mancha de aceite e nin sequera o momento temporal en que se formou, xa que de poderse constatar que a mancha se formara con anticipación de días, ou logo dun importante número de horas abondas para detectar e despexar a vía dese elemento estraño, podería xurdir unha eventual responsabilidade administrativa (STS 07.10.1997 e 03.12.2002).*

*E así o Tribunal supremo na súa sentenza de 11.02.1987 di que non existindo o menor antecedente acerca do momento no que tivo lugar o derrame de aceite na calzada, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado, polo que non cabe imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha mancha de aceite que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel e por conseguinte falta de nexo causal preciso entre o dano ocasionado e o actuar da Administración no mantemento público de viais.*

*Segundo a doutrina referenciada a única implicación eventual do servizo público local pasará por unha desatención das súas obrigas, traducidas neste caso na actuación da Administración unha vez que ten coñecemento do derrame na calzada, limpeza da vía, e sinalización da sustancia esvaradía e que motivou o accidente.*

*Nas dilixencias policiais consta que no lugar do accidente polo que se reclama os axentes comprobaron como a calzada presentaba aceite, chea de líquidos resbaladizos na curva. E do informe do servizo de limpeza do Concello resultan feitos acreditados que se procedeu a limpar a zona unha vez recibida a chamada da Policía Local e quedando ésta en perfecto estado de limpeza. Constátase polo tanto que a intervención dos servizos municipais foi rápida, unha vez avisados, dispoñendo dos medios materiais e persoais precisos ó efecto, actuando coa dilixencia debida ó efecto.*

*Por outra banda, destacar que nas dilixencias policiais os axentes actuantes constatan que o ciclomotor tiña as gomas tanto da roda dianteira como traseira en moi mal estado, o que seguramente tivo que influir no accidente.*

*Cuarto.- Consecuentemente co anterior, acreditado no expediente que o reclamante sufriu uns danos a consecuencia da actuación dun terceiro por canto se descoñece quen foi o que verteu o aceite na calzada, e que os servizos correspondentes da Administración actuaron con prontitude e dilixencia, procede non estimar a solicitude de responsabilidade patrimonial por falta do nexo causal necesario entre o dano e o servizo público.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Diego José Posada Iglesias, polos danos materiais ocasionados a súa motocicleta, por mor dun accidente ocorrido o día 23 de setembro de 2007 no camiño da Sousa, ó non acreditarse a necesaria relación de causalidade entre os feitos polos que se reclama e o funcionamento dun servizo público municipal ”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **47(312).- RECLAMACIÓN DE D. PABLO GONZÁLEZ PAZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1477/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 14.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*D. Pablo González Paz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 2 de marzo de 2007, no que expón que o día 16 de decembro de 2006, circulando pola confluencia da rúa Redondela coa avenida de Castelao, co vehículo da súa propiedade con matrícula 5662-FGN, sufriu danos materiais nel, a consecuencia dunha focha que había na calzada.*

*A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes*



trámites:

- *Parte do Servizo da Policía Local, de data 16.12.2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar, o Sr. González relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia dunha fochanca de grandes dimensións na calzada que proceden a sinalizar.*
- *Informe do Servizo de Vías e Obras de data 8.5.2007, sobre o estado do lugar no que o reclamante di que ocorreu o accidente*
- *Informe do Servizo do Parque Móbil, de 5.6.2007, sobre os prezos contidos na factura que o reclamante presenta, manifestando que o vehículo non foi preentado nas súas dependencias polo que non puideron comprobar os danos..*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 22.6.2007, que non fai alegacións.*

Fundamentos de dereito:

*Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por éstas de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que dita lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere, e en consecuencia o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordeamento encomenda á administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local ). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*Non obstante, e de conformidade co ditame número 135/2006 do Consello Consultivo de Galicia, o principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial creba cando as condicións obxectivas na vía aperciben a un usuario, minimamente dilixente, sobre a presenza na calzada de elementos materiais insinuantes de perigos potencias que esixen unha adecuación da condución e un incremento das marxes de precaución para adecuar a velocidade por causa destes elementos circunstanciais que incrementan o risco, enervando así o principio de confianza.*

*Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe de esclarecer de oficio a verdade*

material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Neste senso a efectos de proba dos danos no seu vehículo o reclamante achega unha factura de reparación de data 21 de decembro de 2006, que proba que o vehículo sufriu uns danos pero non onde nin a consecuencia de que. A policía local recolle as manifestacións que lle fai o reclamante de cómo sucederon os feitos, e se ben observan a focha na calzada isto non proba os danos nin que foran a consecuencia dela. Tampouco hai testemuñas presenciais do accidente, polo que como ten dito o Consello consultivo de Galicia en suposto similar (ditame núm. 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por don Pablo González Paz , por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente acaecido o día 16 de decembro de 2006 na confluencia da rúa Redondela coa avenida de Castelao polo que se reclama e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **48(313).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA ÁNGELES ESTÉVEZ FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1567/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 14.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

*Antecedentes:*

D. César A. Outerelo González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D<sup>a</sup>. María Ángeles Estévez Fernández, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de abril de 2007, no que expón que o día 5 de maio de 2006, a Sra. Estévez circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula 8438-DRG, pola confluencia das rúas Camilos José Cela e Nebrija, pasou por unha focha na calzada de cuxa existencia non se decatara, causándose dano materiais ó dito vehículo.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 04/05/2006 no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Estévez, cuxo vehículo se atopaba aínda na focha, relátalles o accidente que tivera; igualmente, axudan á solicitante a retirar o vehículo da focha.

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 25/05/2007.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 05/06/2007, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Allianz, presentado pola reclamante, por un valor de 230,56 euros son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 10/07/2007.

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Estévez, que queda acreditado coa presentación dun informe pericial dos danos sufridos no seu vehículo.*

*Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81. a LALG). A Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos automobilistas nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciables polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo automobilista e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da calzada, así o corrobora o informe da Policía Local. Podemos concluír, polo tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos pola Sra. Estévez e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.*

*Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Estévez, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A reclamante achega ó expediente unha peritaxe de reparación do seu vehículo por un importe de 230,56 €, que o servizo de Parque Móbil do concello, estima correcta, resultando procedente o seu aboamento.*

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D<sup>a</sup>. María Ángeles Estévez Fernández, en data 23 de abril de 2007, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por esta, indemnizándoa coa cantidade de 230,56 € en concepto de danos e prexuízos”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **49(314).- RECLAMACIÓN DA ASEGURADORA MUTUA VALENCIANA AUTOMOVILISTA (D. JUAN CARLOS RINCÓN BARREIRO) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1591/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do 20.02.08, conformada pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

*Antecedentes:*

*A entidade aseguradora Mutua Valenciana Automovilista presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Juan Carlos Rincón Barreiro, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de maio de 2007, no que expón que o día 20 de febreiro de 2007, mentres o Sr. Rincón circulaba coa motocicleta de súa propiedade, con matrícula VI-5786-V, pola rúa Coutadas, á altura do número 124, sufriu unha caída por mor da existencia dunha focha que se atopaba cuberta de auga, causándose danos físicos á súa persoa e danos materiais ó vehículo.*

*A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Dilixencias a prevención por accidente de circulación do servizo da Policía Local, de data 20/02/2007, nas que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Rincón relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobaban a existencia de lesións no solicitante, de danos na motocicleta e da focha na calzada.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 12/06/2007, no que indican que procederon á reparación da focha o 27/02/2007.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 19/06/2007, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Mutua Valenciana Automovilista, presentado polo reclamante, por un valor de 3.742,10 euros son correctos.*

- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que non formula alegacións, mais volve presentar documentación o 05/07/2007.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:*

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

*Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.*

*Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciado no patrimonio do Sr. Rincón, que queda acreditado coa presentación dunha peritaxe dos danos sufridos no seu vehículo. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.*

*O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81. a LALG). A Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.*

*A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos automobilistas nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciables polos mesmos, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo automobilista e o deficiente funcionamento do servizo público.*

*No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da calzada, así o corrobora o informe da Policía Local. Podemos concluír, polo tanto, que existe unha relación de causalidade entre os danos sufridos polo Sr. Rincón e o anormal funcionamento do servizo de mantemento viario.*

*Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Rincón, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente un informe pericial que valora os danos do vehículo en 3.742,10 €, importe que o Servizo de Parque Móbil do concello estima correcto, resultando procedente, en consecuencia, o seu aboamento.*

*Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.*

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada pola entidade aseguradora Mutua Valenciana Automovilista, en nome e representación de D. Juan Carlos Rincón Barreiro, en data 10 de maio de 2007, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por este, indemnizándoo coa cantidade de 3.742,10 € en concepto de danos e perdas”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **50(315).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE FISCALIZACIÓN. EXPTE. 17877/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 2602.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2007, aprobouse a convocatoria para cubrir polo sistema de libre designación o posto de xefe/a de fiscalización, así como as bases de selección. Convocatoria e bases que foron publicadas no BOP nº 243 de data 18 de decembro de 2007 e no DOG nº 249 de data 27 de decembro; no prazo de quince días hábiles conferido para a presentación de solicitudes presentáronse tres segundo certificación do titular do órgano de apoio da Xunta de Goberno Local de data 23 de xaneiro de 2008. Solicitudes que coa documentación aportada por cada un dos aspirantes foi remitida con data 23 de xaneiro de 2008 á Intervención Xeral, Área a que está adscrito o posto convocado para informe.*

*O Sr. Interventor Xeral con data 14 de febreiro de 2008, emite informe sobre a avaliación de cada un dos aspirantes e termina propondo: “Vista e examinada a documentación referente aos méritos aportados polos aspirantes relativos a cursos realizados, experiencia, coñecementos teóricos e prácticos sobor as funcións correspondentes ao posto obxecto da convocatoria e demais méritos alegados polos solicitantes, polo funcionario que subscribe fórmulase proposta de nomeamento para ocupar o posto de traballo de Xefe do Servizo de Fiscalización obxecto da presente convocatoria a favor de Dª Mª Dolores Hernandez Vidal, por considerar que é a aspirante que acredita unha maior idoneidade, capacidade e mérito para o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo do que se pretende a súa cobertura.”*

*Por último o Sr. Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal con data 22 dos actuais, ordena que se efectúe proposta de nomeamento a favor da aspirante proposta polo Sr. Interventor Xeral.*

*En consecuencia, unha vez cumprimentados os trámites establecidos na lexislación vixente ao tratarse dun posto de traballo previsto na vixente relación de postos (RPT, publicada no BOP de 7 de xuño de 2005) vacante e a cubrir polo procedemento de libre designación que consiste, de conformidade co previsto no art. 80 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desenvolvemento do posto. Idoneidade que foi avaliada polo Sr. Interventor Xeral como xefe da área á que está adscrito dito posto a favor da aspirante Dª Mª Dolores Hernández Vidal.*

*Por todo elo, proponse á Xunta de Goberno Local, de conformidade coas competencias atribuídas no art. 127.h) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, así como das bases reguladoras da presente convocatoria a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Nomear á aspirante Dª Mª Dolores Hernández Vidal, con DNI nº 35.320.992-F, para ocupalo posto de Xefa do Servizo de Fiscalización, código 140.04; Código retributivo 38 da vixente RPT.*

*Segundo.- Notificar o presente acordo á interesada e proceder de conformidade coas bases rectoras da convocatoria a publicación no BOP.*

*Terceiro.- O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade que o novo e de un mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo da funcionaria. Este prazo comezase a contar a partir do día seguinte ao do cesamento que deberá producirse dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no BOP.*

*Se comportara o reingreso ao servizo activo da funcionaria, o prazo de toma de posesión, comezará a contar dende o día seguinte da publicación da resolución.*

*Cuarto.- Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes contando dende o seguinte ao da súa publicación no BOP ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **51(316).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS NORMAS REGULADORAS DO FUNCIONAMENTO DAS LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18027/220.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 24.01.08, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*Único.- Recentemente rematouse a execución dos procesos selectivos convocados ao abeiro da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005, resultando da mesma unha bolsa de persoas que superaron a totalidade dos procesos selectivos sen dereito a obter praza.*

*Por esta Unidade estímase que debe existir, ao igual que sucede noutros Concellos galegos, uns criterios obxectivos, aprobados polo órgano competente, que sexan de público coñecemento e servan para determinar o correcto funcionamento das listas de reserva, garantizando o chamamento por cauces que permitan ter constancia da súa recepción e coa finalidade de evitar tanto os chamamentos inadecuados como a fraude nas renuncias aos citados chamamentos a efectos de obter a consecución de presuntas expectativas de dereito carentes de sustento legal.*

*As ditas listas de reserva serán utilizadas para efectuar nomeamentos con carácter interino tanto de prazas vacantes na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo como nos supostos legalmente establecidos.*

#### *FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I. A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, EBEP) recolle no seu artigo 10 o concepto de funcionario interino e o seu réxime de selección; así, son funcionarios interinos os que por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dé algunha das seguintes circunstancias:*

- A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.*

*A utilización desta figura conleva a existencia de praza vacante no cadro de persoal do Concello e a correspondente dotación orzamentaria para o aboamento das correspondentes retribucións con cargo á mesma, tal e como contemplaba a normativa anterior en materia de Función Pública.*

- A substitución transitoria dos titulares.*
- A execución de programas de carácter temporal.*

- O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses.

*Pola contra, estas 3 figuras de nomeamento de funcionario interino constitúen unha das grandes novidades do EBEP, por canto non esixen a existencia en plantilla de prazas vacantes, tendo a relación de servizo duración limitada no tempo. A efectos orzamentarios, estímase necesaria a emisión de informe pola Intervención Xeral en relación á aplicación práctica, tanto a efectos contables como orzamentarios, das novas figuras legalmente consignadas.*

*O mesmo precepto dí que a selección de funcionarios interinos haberá de realizarse mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O cese dos funcionarios interinos se producirá, ademáis de polas causas previstas no artigo 63, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.*

*No suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio no que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización.*

*Aos funcionarios interinos lles será aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.*

*II. En canto ás contratacións en réxime laboral temporal, debe salientarse a incidencia da popularmente coñecida como “reforma laboral”, efectuada mediante Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006) e materializada na Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.*

*A mesma leva vixente dende o pasado 1 de xullo do 2006 (disposición adicional cuarta do RD-Lei 5/2006) e entre outros aspectos modifica o artigo 15.5 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, establecéndose que os traballadores/as que nun período de 30 meses houberen estado contratados durante un prazo superior a 24 meses, con ou sin solución de continuidade, para o mesmo posto de traballo coa mesma empresa, mediante dous ou máis contratos temporais, coas mesmas ou diferentes modalidades de contractuales de duración determinada, adquirirán a condición de traballadores fixos. Quedan expresamente excluídos do alcance da presente reforma os contratos laborais de interinidad, formativos e de relevo, pero sí se inclúen os contratos de duración determinada por acumulación de tarefas ou circunstancias da produción e o contrato por obra ou servizo determinado.*

*Esta previsión véese completada pola recente Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia (DOG nº 165, do luns 27 de agosto do 2007) en cuxo artigo 9.4 se consigna que a Administración non poderá converter en fixa ou indefinida unha relación laboral de carácter temporal. Tampouco poden quedar as declaracións xudiciais de indefinición do vínculo contractual laboral nunha situación de permanencia no tempo, xa que propia Lei establece un sistema de regularización das ditas situacións mediante a correspondente valoración pola Administración, no marco da xestión dos recursos humanos dos que dispón, da necesidade de creación da praza e posto de traballo e a súa oferta pública polos sistemas de selección legalmente establecidos (Disposición Transitoria Terceira).*

*Á vista do anterior, resulta necesario sinalar que o recurso á contratación laboral temporal debería ser substituída polos supostos de nomeamento de funcionario interino/a recollidos no artigo 10 do EBEP anteriormente citado, aos efectos de determinar un réxime xurídico único; debe salientarse a diferenza entre o vínculo xurídico contractual laboral entre un traballador/a e a Administración e o vínculo xurídico de suxeición especial que constitúe a relación de servizo entre o funcionario/a público e a Administración, que supón réximes xurídicos diferenciados e que non permite intercambio de efectos xurídicos entre ambos, nin tampouco a posibilidade de intercambio de categorías entre os mesmos (artigos 2, 7, 9 e 10, 11 do EBEP).*

*III. Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local en materia de persoal, provisión de postos de traballo e xestión do persoal municipal recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización que emita a Intervención Xeral, sométese ao criterio da mesma a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*



*“Primeiro.- Aprobar as “NORMAS REGULADORAS DO FUNCIONAMENTO DAS LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO” anexas ao presente acordo, que terán validez en relación coas ofertas de emprego público que execute o Concello de Vigo, dispoñendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Casa do Concello aos efectos do seu público coñecemento.*

*Segundo.-Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### ANEXO

*“NORMAS REGULADORAS DO FUNCIONAMENTO DAS LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO”*

##### *Artigo 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN*

*Constitúe obxecto das presentes normas o réxime de funcionamento das listas de reserva do Concello de Vigo, integradas pola bolsa de persoas que superaron a totalidade exercicios sen dereito a obter praza, como consecuencia dos procesos selectivos executados ao abeiro da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005 do Concello de Vigo e futuras ofertas de emprego, así como daquelas listas resultantes de anteriores ofertas de emprego público en canto a aquelas prazas das que non se ofertasen outras iguais na citada Oferta de Emprego Público 2005 recentemente executada.*

##### *Artigo 2.- DEREITOS DAS PERSOAS EN LISTA DE RESERVA*

*As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino. A dita condición unicamente xenerará o dereito a ser notificado pola vía que regulamentariamente se determine nas presentes normas daquelas ofertas de nomeamento como funcionario interino que o Concello de Vigo aprobe consonte ao disposto no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e que se concretan en:*

- A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.*
- A substitución transitoria dos titulares.*
- A execución de programas de carácter temporal.*
- O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses.*

##### *Artigo 3.- FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA*

*O nomeamento de funcionarios interinos será acordada pola Xunta de Goberno Local, previa tramitación de expediente xustificativo da necesidade e urxencia de efectuar o mesmo consonte aos supostos sinalados no artigo anterior, a proposta fundamentada da unidade ou servizo correspondente e coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.*

*A xestión das listas corresponderá á Unidade de Persoal do Concello. No momento de efectuar os*

*correspondentes chamamentos, comezarse pola primeira persoa da lista en función das calificacións obtidas, enviándolle un telegrama ou burofax e outorgándolle un prazo de 48 horas para que formalice a renuncia ou aceptación ao nomeamento ofertado.*

*Asimesmo, será intentada a comunicación telefónica co aspirante, coa finalidade de acurtar os prazos de tramitación do nomeamento. Se non recollese o telegrama ou burofax se terá por efectuada a renuncia ao nomeamento e procederase a chamar ao seguinte da lista, sen que caiba alegar motivo xustificativo algún relativo ás causas da renuncia.*

*Cando se produza o cesamento dun integrante da lista por finalización das causas motivadoras do nomeamento, éste reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.*

#### **Artigo 4.- RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS**

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

- A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garanti-lo dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*
- A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reservas.*

#### **Artigo 5.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA**

- *En relación cos defectos ou omisións apreciados no Orzamento do ano 2008.*- En primeiro lugar, discrèpase coa cantidade prevista como “demolición”. A contestación á alegación número 70012775 (data de presentación 25.01.07) que motivou o acorde de aprobación definitiva do proxecto de compensación, establecía o seguinte: “(...) Desestimar a alegación plantexada, excepto no que se refire ó punto 1 e 8, que se dará coñecemento do alegado á Xunta de Compensación para que procedan á rectificación achegada e a facilitar a información precisada no punto 8º. Con respecto ó punto 4 do presente informe, se estima parcialmente no que respecta ó cálculo ou aplicación do coeficiente corrector da antigüidade no cálculo do valor de reposición. Por outra parte, se rectifica a antigüidade da edificación sita na parcela número 21 (...)”. A contestación ó punto cuarto do informe-proposta, preveía o seguinte: “(...) En canto ás fincas nº 30 e 33, así como as citadas nº 3 e 21, a Xunta de compensación no seu escrito de data 21 de febreiro de 2007, DOC nº 70023499 de contestación ás alegacións, propón corrixir os valores indemnizatorios das parcelas nº 2, 21, 30 e 33 no senso da alegación. Os novos datos sobre a antigüidade das edificacións coinciden cos datos que figuran no Catastro, salvo a correspondente á finca número 21 (...)”. Neste sentido, non procede alegar que é preciso outorgar un novo trámite de audiencia sobor da valoración das indemnizacións pola derruba das edificacións das fincas números 3, 21, 30 e 33 por canto a alegación foi estimada procedéndose á recitificación, tal e como consta no documento de aprobación definitiva do proxecto de compensación. Con respecto ó resto dos datos que motivaron a determinación da indemnización pola derruba de edificacións e que forman parte do documento do proxecto de equidistribución, non se aportan argumentos como para poñer en tela de xuízo a valoración practicada. Con independencia de que a disconformidade cos datos previstos no proxecto de compensación deben ser dirimidos polos cauces administrativos ou xurisdiccionais que sexan procedentes, na alegación se poñe de manifesto que non se axusta o previsto no proxecto de compensación. Examinando o antedito documento compróbase que no punto octavo se realiza un resumo das indemnizacións por derribos, resultando unha cantidade de 511.688,83 €. Non se aprecia ningún tipo de error no orzamento.
- *En relación coa ausencia de previsión pola extinción dos servizos existentes nas parcelas que constan cos números 26, 27, 28, 29 e 29,* tense que informar que efectivamente na resolución do recurso de reposición interposto por don Adolfo Pérez Vila (doc 70101269, data de presentación 13.09.07) se estimou a necesidade de proceder á apertura dun trámite ou peza separada de determinación da indemnización polo

*non mantemento das instalacións ou subministracións de servizos das parcelas aludidas. Tra-la solicitude de aclaración do acordo presentada polo Presidente da Xunta de Compensación o día 4.02.08 (nº doc 80013853), se procederá a reanudar o trámite aludido tendente á determinación da correcta indemnización pola extinción dos servizos ex artigo 31 da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime de solo e valoracións. Ata a conclusión do expediente, non se poderá saber con exactitude a coantía e polo tanto as previsións do orzamento son meramente indicativas que no caso de ser maiores deberá motivar unha modificación do orzamento. Por outra parte, non procede acordar neste trámite a suspensión do inicio das obras de urbanización por implicar a desaparición dos servizos existentes, por canto os mesmos son analizados no proxecto de urbanización chegando á conclusión de que son inapropiados para un novo desenvolvemento urbanístico.*

- *Con respecto os erros materias ou de feito detectados no punto terceiro do recurso de alzada, a propia Xunta de Compensación no trámite de audiencia outorgada reconece a existencia dos mesmos. Polo tanto, procede a subsanación dos erros apreciados.*
- *En relación coa petición de suspensión solicitada, non pode atenderse dado que os motivos que esgrimiu no recurso de alzada, non permite apreciar a concurrencia dun vicio de nulidade, anulabilidade ni tan sequera irregularidade non invalidante. O recurso de alzada se dirixía perante o punto 7º da Asamblea Xeral da Xunta de Compensación de data 10.01.08. No caso que se entendera suspendida ó abeiro do disposto no apartado 3º da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, unicamente afectaría ó punto 7º e pola resolución do presente recurso se alzaría a mesma por ser desestimada expresamente por non concorrer os supostos previstos no artigo 111 da Lei 30/92, de 26 de novembro.*

*\* Recurso de alzada presentado por don Adolfo Pérez Rodríguez ó acordo adoptado na Asamblea Xeral de Propietarios da Xunta de Compensación de data 10.01.08 (doc 80012934).- Aspectos que precisan de contestación que son tratados no recurso de alzada:*

- *Sobre a improcedencia de proceder o alleamento dos aproveitamentos que xeneran as fincas obxecto de expropiación.- Con ocasión da non incorporación de propietarios á Xunta de compensación, foi preciso a tramitación do procedemento de expropiación por taxación conxunta (expte. 192/413). Tra-la determinación do xustiprezo por taxación conxunta, a Xunta de compensación depositou as cantidades precisadas. Logo da resolución do Xurado de expropiación de Galicia, tanto os propietarios como o propio Concello interpuxeron recurso de reposición e reclamación previa á vía xurisdiccional respectivamente. Ditos recursos están pendentes de resolución por parte do órgano autonómico. De acordo co previsto no apartado 2º do artigo 144 de Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos artigos 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto. O depósito equivale ó pago e polo tanto habilita para a aprobación do proxecto de equidistribución, neste caso de compensación. A aprobación do proxecto de compensación implica que as parcelas de resultado que poidan derivar do aproveitamento que xeneren as parcelas expropiadas, se reflexe que son de titularidade da Xunta de compensación. En consecuencia, con independencia de que a Xunta de compensación teña que facerse cargo dos custes da expropiación segundo a determinación do xustiprezo que resolva definitivamente o Xurado de expropiación de Galicia ou mesmo o órgano xurisdiccional competente, non plantexa ningún problema de índole xurídico que a entidade colaboradora dispoña dos aproveitamentos. Non pode compartirse que o punto 3.4 dos Estatutos estabrezcan que se trata dun requisito previo o pagamento do importe do xustiprezo finalmente determinado. Unicamente se menciona a obriga que ten a Xunta de Compensación de facerse cargo como beneficiaria de todos os custes derivado da expropiación.*
- *En canto o prezo de licitación utilizado para o alleamento por poxa dos aproveitamentos resultantes da expropiación da que é beneficiaria a Xunta de compensación, o recurrente mostra a súa disconformidade. Ao respecto, examinado o prego de cláusulas, obsérvase que o prezo de licitación por metro cadrado é o determinado polo Xurado de expropiación de Galicia. Se ben é desexable para a Xunta de compensación fora que asumiran os adquirentes a totalidade dos custes finais da expropiación, resulta necesario que o alleamento sexa realizado por un prezo certo. Pódese utilizar por analogía o que dispoñe o artigo 14 do*

real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas. O prezo máis cercano ó real ó día de hoxe, é o determinado polo Xurado de expropiación de Galicia. Polo tanto, non pode estimarse este punto do recurso.

3.- Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.

Polo tanto, á vista do informado, proponse a adopción do seguinte acordo:

1.- Desestimar os recursos dealzada presentados por don Adolfo Pérez Vila e don Adolfo Pérez Rodríguez (docs doc 80003817 e doc 80012934, respectivamente), así como o presentado perante a Xunta de compensación por este último e remitido o día 4.02.08. Non obstante, a Xunta de Compensación deberá rectificar os erros materiais ou de feito detectados e que son aludidos no presente informe-proposta.

2.- Desestimar expresamente a solicitude de suspensión da executividade do acordo adoptado na Asamblea Xeral da Xunta de Compensación o 10.01.08.

3.- Comunicar que perante a presente acordo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a notificación ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **58(323).- RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN PERI IV-09 BAIXADA A SAN ROQUE. EXPTE. 4801/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral, do 15.02.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

Na sesión plenaria de 28 de xuño de 2004 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo: "(...) Aprobar definitivamente o <PERI IV-09-Baixada a San Roque>, na súa última versión, de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11/02/2003 e 15/10/2003, coa simultánea delimitación de polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución (...)". As súas normas e ordenanzas foron publicadas no BOP núm 162, do 23.08.04.

A Xunta de goberno local na súa sesión de 27 de xuño de 2005, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono único do PERI IV-08 Baixada a San Roque, outorgada no 13.05.2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu protocolo (expte. 4578/401). SEGUNDO: Esta Xunta de Compensación rexirase polo <Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación> aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 11/12/2003 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 1, do 02.01.2004. TERCEIRO: Requiren aos propietarios do polígono que non participaron na constitución da Xunta de Compensación, a fin de que se adhieran á mesma no prazo máximo de un mes dende a notificación deste Acordo, mediante manifestación expresa ante notario, nos termos regulados no art. 8.4 do Modelo Xeral de Estatutos, comunicándollos por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo. Os propietarios non incorporados nin adheridos á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa. SEXTO: Antes da aprobación do Proxecto de Compensación a Xunta de Compensación deberá elaborar un novo plano parcelario actualizado, sobre base topográfica asinada por técnico competente, que deberá ser supervisado, principalmente no que ao deslinde de propiedades municipais se refire, polo topógrafo municipal (...)".

A Xunta de goberno local, na súa sesión de 16.07.07, adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación do "PERI IV 09 Baixada a San Roque" (expte. 4692/401) tendo en

conta a última redacción presentada o 25.05.07 coas correccións derivadas do informe de contestación ás alegacións da oficina de planeamento e xestión de data 21.04.07 e o informe do adxunto ó director da oficina de planeamento e xestión de 28.06.07. Desestimar a alegación presentada por don Adolfo Pérez Rodríguez (22.01.07, nº doc 70010463). Estimar parcialmente a alegación presentada por don Adolfo Pérez Vila (25.01.07, nº doc 70012475) e desestimar no resto das cuestións alegadas nos termos informados no punto 2º do presente informe-proposta. Tomar coñecemento dos escritos e alegacións presentadas por dona Consuelo Iglesias Alonso (29.06.07, doc 70077009), don José Fernández Aguiar (1.02.07, doc 70015365). SEGUNDO.-Notificar o presente acordo a todos os interesados que consten no expediente comunicando que contra o mesmo caberá interpoñer potestativamente, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. TERCEIRO.- Dar del alta no inventario de bens do Patrimonio municipal do solo o aproveitamento en proindivisión da parcela C.2.2 e as parcelas C.3.2, C.3.3, D.1, D.2 e D.3. Así mesmo, dease conta do presente acordo á oficina de patrimonio do Concello de Vigo no senso de dar de alto no inventario xeral de bens as parcelas destinadas a zonas verdes e viario (...)

En data 19.11.07 acordou resolve-lo recurso de reposición presentado contra o acordo de aprobación definitiva do Proxecto de compensación do PERI IV 09 Baixada a San Roque, no seguinte sentido: "(...) PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a alegación presentada por don Adolfo Pérez Vila –doc 70101269, data de presentación 13.09.07- nos términos contidos no presente informe. SEGUNDO.-Desestimar a alegación presentada por don Adolfo Pérez Rodríguez –doc 70104680, data de presentación 21.09.07- (...)”.

Conferido traslado da resolución do recurso de reposición, en data 21.12.07 don Adolfo Pérez Vila (doc número 70145992) presentou recurso extraordinario de revisión.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.- Obxecto do recurso extraordinario de revisión.- Se interpoñe o recurso extraordinario de revisión perante o acordo da Xunta de Goberno Local de 16.07.07 polo que se aproba definitivamente o proxecto de compensación do PERI IV 09 Baixada a San Roque.

2.- Admisibilidade do recurso extraordinario de revisión presentado por don Adolfo Pérez Vila.- A interposición do recurso extraordinario de revisión se basea nos dos supostos previstos no artigo 118.1º e 2º da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común. A seguir se analizan individualizadamente se concorren os supostos previstos legalmente:

- ❑ Suposto previsto no apartado primeiro do punto primeiro do artigo 118 da Lei 30/92, de 26 de novembro (“Que al dictarlos se hubiera incurrido en error de hecho, que resulte de los propios documentos incorporados al expediente”): Examinado o recurso presentado, non se aprecia a existencia de ningún error de feito que resulte dos propios documentos incorporados ó expediente. As cuestións tratadas no denominado recurso extraordinario de revisión foron alegadas no trámite de audiencia e información ó público do proxecto de compensación e no recurso de reposición. Polo tanto, non pode admitirse o recurso extraordinario con respecto a este punto.
- ❑ Segundo suposto previsto no apartado segundo do punto primeiro do artigo 118 da Lei 30/92, de 26 de novembro (“Que aparezcan documentos de valor esencial para la resolución del asunto que, aunque sean posteriores, evidencien el error de la resolución recurrida”): non se aportan ningún documento de valor que teña carácter esencial que evidencie un erro na apreciación dos motivos para a desestimación da alegación e do recurso de reposición presentado. O único documento presentado é unha foto aérea do ano 1966. Con independencia de que no se dubida da existencia da edificación no ano 1966, non obstante, a efectos de valoración quedou fixada a data de 1973 como data de reforma da vivenda xa existente. Tal cuestión foi tratada na fase de información ó público do proxecto de compensación e no propio recurso de reposición presentado polo agora recurrinte. Tra-la resolución do recurso de reposición, a Xunta de compensación achegou documentación xustificativa dos extremos alegados. En conclusión, tampouco pode apreciarse a concurrencia deste suposto de revisión.

3.- Órgano competente para a resolución do recurso de reposición.- O abeiro do disposto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, é competente para resolver o mesmo órgano que dictou o acto que se recorre. Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do presente proxecto de compensación foi atribuída á Xunta de Goberno Local.

*Polo tanto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:*

*PRIMEIRO.- Inadmitir o recurso extraordinario de revisión presentado por don Adolfo Pérez Vila (doc 70145992, data de presentación 21.12.07), sen necesidade de recabar dictamen do Consello Consultivo por non axustarse ós supostos previstos no artigo 118.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.*

*SEGUNDO.- Comunicar a presente resolución ós interesados, informando que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **59(324).- OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PERI IV-09 “BAIXADA A SAN ROQUE”. EXPTE. 4692/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral, do 22.02.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

*Na sesión plenaria de 28 de xuño de 2004 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo: "(...) Aprobar definitivamente o <PERI IV-09-Baixada a San Roque>, na súa última versión, de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11/02/2003 e 15/10/2003, coa simultánea delimitación de polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución (...)". As súas normas e ordenanzas foron publicadas no BOP núm 162, do 23.08.04.*

*A Xunta de goberno local na súa sesión de 27 de xuño de 2005, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono único do PERI IV-08 Baixada a San Roque, outorgada no 13.05.2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu protocolo (expte. 4578/401). SEGUNDO: Esta Xunta de Compensación rexirase polo <Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación> aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 11/12/2003 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 1, do 02.01.2004. TERCEIRO: Requirir aos propietarios do polígono que non participaron na constitución da Xunta de Compensación, a fin de que se adhieran á mesma no prazo máximo de un mes dende a notificación deste Acordo, mediante manifestación expresa ante notario, nos termos regulados no art. 8.4 do Modelo Xeral de Estatutos, comunicándollos por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo. Os propietarios non incorporados nin adheridos á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa. SEXTO: Antes da aprobación do Proxecto de Compensación a Xunta de Compensación deberá elaborar un novo plano parcelario actualizado, sobre base topográfica asinada por técnico competente, que deberá ser supervisado, principalmente no que ao deslinde de propiedades municipais se refire, polo topógrafo municipal (...)".*

*A Xunta de goberno local, na súa sesión de 16.07.07, adoptou o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación do “PERI IV 09 Baixada a San Roque” (expte. 4692/401) tendo en conta a última redacción presentada o 25.05.07 coas correccións derivadas do informe de contestación ás alegacións da oficina de planeamento e xestión de data 21.04.07 e o informe do adxunto ó director da oficina de planeamento e xestión de 28.06.07. Desestimar a alegación presentada por don Adolfo Pérez Rodríguez*

(22.01.07, nº doc 70010463). Estimar parcialmente a alegación presentada por don Adolfo Pérez Vila (25.01.07, nº doc 70012475) e desestimar no resto das cuestións alegadas nos termos informados no punto 2º do presente informe-proposta. Tomar coñecemento dos escritos e alegacións presentadas por dona Consuelo Iglesias Alonso (29.06.07, doc 70077009), don José Fernández Aguiar (1.02.07, doc 70015365). SEGUNDO.-Notificar o presente acordo a todos os interesados que consten no expediente comunicando que contra o mesmo caberá interpoñer potestativamente, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. TERCEIRO.- Dar del alta no inventario de bens do Patrimonio municipal do solo o aproveitamento en proindivisión da parcela C.2.2 e as parcelas C.3.2, C.3.3, D.1, D.2 e D.3. Así mesmo, dease conta do presente acordo á oficina de patrimonio do Concello de Vigo no senso de dar de alto no inventario xeral de bens as parcelas destinadas a zonas verdes e viario (...)

En data 19.11.07 acordou resolve-lo recurso de reposición presentado contra o acordo de aprobación definitiva do Proxecto de compensación do PERI IV 09 Baixada a San Roque, no seguinte sentido: “(...) PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a alegación presentada por don Adolfo Pérez Vila –doc 70101269, data de presentación 13.09.07- nos términos contidos no presente informe. SEGUNDO.-Desestimar a alegación presentada por don Adolfo Pérez Rodríguez –doc 70104680, data de presentación 21.09.07- (...)”.

En data 16.07.07 o Secretario da XMU expide a certificación de firmeza do acordo da Xunta de Goberno Local de 16.07.07.

O 13.02.08 recíbese escrito no Rexistro Xeral da XMU no que o Rexistro da Propiedade número dous de Vigo realiza diversas observacións previas á inscrición do proxecto de compensación no Rexistro.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Obxecto do presente informe-proposta.- O escrito remitido dende o Rexistro da propiedade número dous de Vigo, contén diversas obxeccións con carácter previo á inscrición no Rexistro da Propiedade do proxecto de compensación do PERI IV 09 “Baixada a San Roque”. Algunha das obxeccións se subsanan coa simple comprobación no expediente de o cumprimento dos trámites que regulamentariamente esixe o real decreto 1093/97, de 4 de xullo. Na obxección número 5, precísaxa a realización dunha operación xurídica complementaria que que veñen regulados ó abeiro do artigo 174 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística. As mesmas teñen por obxecto completar ou perfeccionar o instrumento reparcelatario, sen que tales operacións supoñan unha alteración substancial das previsións do mesmo. As operacións xurídicas complementarias, para a súa formalización, deben ser aprobadas por el órgano urbanístico actuante.

2.-Análise individualizado de cada unha das obxeccións plantexadas polo Rexistrador da Propiedade número dous de Vigo.- A seguir se da contestación individualizada a cada ún dos puntos da nota de calificación recibida no Rexistro da Xerencia municipal de urbanismo de 13.02.08 (doc 80018773):

2.1 En relación coas fincas de orixe números 1, 8 e 34, se fixo mención na nota de calificación ó seguinte: “(...) No consta en el expediente la intervención del Ministerio Fiscal, ni consta en el expediente y su aprobación la referencia al resultado de los trámites, a los documentos en que se apoya la reanudación del tracto y a las comparecencias que en su caso, hayan tenido lugar (...)”.

Examinado o expediente se constata o seguinte:

- Parcela de orixe número 1: Consta a inscrición da parcela número 1 a nome de don Modesto Martínez Domínguez, casado con dona Rosa Silva Fernández. A inscrición é de data 28.04.41. O abeiro do disposto no artigo 9 do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, o ser unha inscrición contradictoria coa do expediente de máis de trinta anos, procedeu a práctica da publicación dos titulares rexistrados por edictos (BOP de Pontevedra de data 1.06.07, número 106). Así mesmo se deu traslado ó Ministerio Fiscal, sen que a data de hoxe se mostrara oposición.



- *Parcela de orixe número 8: Consta inscrición de data 1946 a nome de dona Antolina Docampo Balea. Foi publicado o Edicto no BOP de Pontevedra de 1.06.07, número 106. Deuse traslado ó Ministerio Fiscal, sen que se mostrara disconformidade.*
- *Parcela de orixe número 34: A parcela figura inscrita a nome de don Manuel Rodríguez Rivas, casada con dona Enriqueta Cea Gil. Proceduse á publicación do Edicto e á comunicación ó Ministerio Fiscal, sen que se presentara oposición.*

*2.2 Con respecto a ausencia de datos persoais dos herdeiros de don Urbano Vila Rodríguez, procede que por parte da Xunta de compensación se aporten os mencionados datos.*

*2.3 En relación coas parcelas de orixe números 15, 16, 17, 31 e 34 a nota de calificación negativa, comunica o seguinte: "(...) Estando las fincas inscritas deberán aportarse los documentos originales – artículo 3 de la Ley Hipotecaria – aptos para su inscripción, acta de ocupación y pago o acta de ocupación y el documento que acredite la consignación del justiprecio, y acreditarse, en el supuesto de la finca número 17, que en el expediente se ha acreditado que don Amable Lois Cervela es el único heredero de don Manuel Lois Calviño. Sin perjuicio de la aplicación del punto número 1 de esta nota a la parcela número 34 (...)". Neste procede a remisión da mencionada documentación ó Sr. Rexistrador. Por outra parte, na tramitación do expediente de expropiación ós propietarios non adheridos á Xunta de compensación (expte 192/413), dona Amable Lois Cervela presentou escrito (doc 60044629, achégase copia), no que se aporta (entre outra) a seguinte documentación: 1. Copia do certificado de defunción de don Manuel Lois Calviño. 2. Copia do certificado de últimas voluntades. 3. Copia do certificado de matrimonio de don Manuel Lois Calviño e dona María del Pilar Cervela Diéguez. 4. Copia de escritura de compravenda de data 2.08.73 pola cal don Manuel Lois Calviño adquiriu a finca obxecto de expropiación para a súa sociedade de gananciais. 5. Copia do contrato de compravenda de 1.08.73 que completa a anterior. No mencionado escrito faise referencia a que a única herdeira é dona Amable Lois Cervela e como usufructuaria a cónxugue do causante, dona María del Pilar Diéguez. O artigo 7 do regulamento de expropiación forzosa, aprobado por decreto de 26 de abril de 1957, establece que opere formalmente no expediente a subrogación do adquirente dun ben ou dereito en curso de expropiación, deberá ponerse en coñecemento da Administración o feito da transmisión. Con ocasión da comparecencia para o acto de pago, a Administración está obrigada a esixir a documentación precisa que non conste no expediente. Como queda acreditado na documentación que se achega, o importe do xustiprezo determinado está consignado. No momento do rescate do mesmo, procederá completar a documentación na que se acredite que dona Amable Lois Cervela é a única herdeira do seu pai, don Manuel Lois Calviño.*

*2.4 O punto 4º da nota de calificación se estende para facer a seguinte consideración en relación coa finca de orixe número 32 e 6: "(...) El solar A.2.3 resultante se adjudica en cuanto al terreno en pleno dominio, con carácter privativo, a don Enrique Caride Iglesias y su esposa doña María Emilia González Rodríguez. La finca número 6 de origen, aparece inscrita con carácter ganancial a favor de dichos esposos por haber declarado ambos en el año 1960 la construcción de la casa sobre un terreno que él había adquirido en estado de soltero (...) Artículo 1.404 del Código Civil vigente al momento de declararse la edificación, que establecía la accesión invertida, en el sentido de que eran bienes gananciales los edificios construidos durante el matrimonio en suelo propio de uno de los cónyuges, abónandose el valor del suelo al cónyuge a quien pertenezca, sin que pueda entenderse el solar y la edificación como propiedades distintas (...) Por consiguiente, debe adjudicarse el pleno dominio de dicho solar resultante A.2.3 a favor de los citados cónyuges con carácter ganancial (...)". Á vista do informado na nota de calificación procede que se rectifique o proxecto de compensación. A eficacia da rectificación queda condicionada ó consentimento dos interesados na nova descripción da parcela de resultado.*

*2.5 En canto a falla de acreditación da autoliquidación do imposto, é obriga da Xunta de compensación a presentación documento perante a Delegación de Facenda da Xunta de Galicia.*

*3.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, corresponde a aprobación á Xunta de goberno local.*

*Polo tanto, á vista do informado, se formula a seguinte PROPOSTA*

1.- *Acordar a realización da operación xurídica complementaria do proxecto compensación do polígono único do PERI IV 09 Baixada a San Roque, no sentido de rectificar a adxudicación da parcela de resultado A.2.3 no sentido do presente informe-proposta (punto 2.4).*

2.- *Comunicar o resto dos extremos do presente informe ó Sr. Rexistrador da Propiedade número 2 de Vigo.*

3.- *Comunicar ós interesados que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **60(325).- CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE URBANÍSTICA COLABORADORA U.A.2 CARRASQUEIRA. EXPTE. 4763/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral, do 11.02.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local , con data 20 de decembro de 2004, aprobou definitivamente o proxecto de compensación da U.A. 2 Carrasqueira..*

*No devandito proxecto de compensación especificábase o seguinte: "(...) As fincas resultantes do Proxecto de Compensación quedarán afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación dos novos espazos libres e zonas verdes, consonte co disposto no Apto. 3.2.3.5.b) 'in fine' do vixente PXOU-93 (páx. 28 BOP nº 133, do 14/07/93). Esta carga real figura expresamente na descripción das fincas resultantes contida no proxecto de compensación (...)"*

*Por acordo do Consello da XMU de 27 de novembro de 2003 se deu aprobación definitiva o proxecto de estatutos para a constitución, por transformación da xunta de compensación, e funcionamento da entidade urbanística de colaboradora de conservación da unidade de actuación 2 Carrasqueira. O texto dos estatutos foi o publicado no BOP de Pontevedra (nº192) de 6 de outubro de 2003 (Expte. 4422/401).*

*No escrito de 19.07.07 presentado por dona Ana-Eugenia Blanco Longueira, infórmabase da adopción do acordo de disolución da xunta de compensación da aludida unidade de actuación e transformación en entidade de conservación, non obstante, no apartado terceiro se comunicaba aunque non acudiron a totalidade dos propietarios, o art. 5 dos seus estatutos indican que “la pertenencia a la entidad de conservación será obligatoria e ineludible para todos los propietarios de inmuebles dentro de la U.A. 2 CARRASQUEIRA, sin que sea necesaria su participación en el acto de constitución de la misma”.*

#### **FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

1.- *Necesidade de constitución dunha entidade urbanística de conservación.- De acordo co previsto no artigo 110.6 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, permite ó planeamento prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes. Tal previsión xa viña contida no artigo 68 do RD 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. A obriga de conservación ven así mesmo derivada da aplicación do artigo 3.2.5.b in fine do vixente plan xeral de ordenación municipal.*

2.- *Obriga dos propietarios de formar parte da entidade de conservación e quorum para a súa constitución.-*

Tanto a normativa de aplicación (RD 3288/78, de 25 de agosto -arts. 24-30 e 67-70-), como a propia Xurisprudencia, considera que para a constitución dunha entidade de conservación non é obrigatorio o quorum que se esixe nas xuntas de compensación e a súa constitución é obrigatoria non sendo necesario a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS 26 de outubro de 1998, RJ 1998,7688). Os propietarios non poden sustraerse da participación da entidade de conservación, obriga que ven derivada da aplicación do plan xeral de ordenación municipal vixente no artigo, do proxecto de compensación e do resto dos acordos de aplicación dos mesmos.

3.- Constitución da entidade de conservación por transformación da xunta de compensación Según a documentación de 19.07.07 presentado por dona Ana-Eugenia Blanco Longueira, infórmabase da adopción do acordo de disolución da xunta de compensación da aludida unidade de actuación e transformación en entidade de conservación, non obstante, no apartado terceiro se comunicaba aunque non acudiron a totalidade dos propietarios, o art. 5 dos seus estatutos indican que “la pertenencia a la entidad de conservación será obligatoria e ineludible para todos los propietarios de inmuebles dentro de la U.A. 2 CARRASQUEIRA, sin que sea necesaria su participación en el acto de constitución de la misma”.

4.- Órgano competente para adopción do presente acordo.- Tendo en conta o disposto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, a competencia para a aprobación do presente asunto corresponde á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, fórmase a seguinte

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

- Aprobar a constitución da entidade de conservación da unidade de actuación 2 Carrasqueira da que forman parte todos os propietarios da mesma (artigo 5º estatutos).
- De acordo co previsto nos estatutos (aprobados definitivamente por acordo do Consello da XMU o 27.11.03), remitir a constitución da entidade urbanística colaboradora ao Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras para a súa inscrición.
- Comunicar a presente resolución ós interesados informando que contra o presente acordo se poderá interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.
- Nomear como representante desta Administración municipal na xunta directiva a don Carmen Silva Rego.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **61(326).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN U.A. 2 CARRASQUEIRA. EXPTE. 4646/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón.Xeral, do 19.02.08, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión e polo director dos Servizos Técnicos, que di o seguinte:

En data 2.09.05 o Pleno do Concello de Vigo adoptou o seguinte acordo: “(...) PRIMEIRO.-Aprobar definitivamente o estudo de detalle do polígono <D SU UA2 CARRASQUEIRA, Coruxo>, promovido pola entidade mercantil <Apartamentos Paseo Marítimo, S.L.> e redactado pola arquitecta Dª Mirian Arcas Ardura

(...)"

A Xunta de Goberno Local deu aprobación na súa sesión de 20.12.04 ó proxecto de compensación (expte 4536/401).

O 28.02.05 a Xunta de Goberno Local deu aprobación definitiva ó proxecto de urbanización da UA 2 Carrasqueira, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado pola arquitecta D<sup>a</sup> Miriam Arcas Ardura e visado polo COAG en datas 19.12.04, 26.08.04, 18.08.04 e 2.07.04 (expte. 4531/401).

Dona Ana-Eugenia Blanco Longueira, en calidade de presidenta da Xunta de Compensación, solicita a recepción das obras de urbanización. Achega certificado final de obra asinado pola arquitecta directora das obras de urbanización.

Constan no expediente os seguintes informes:

- ❑ "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." de 17.02.06.
- ❑ "Gas Galicia, S.A." de 23.10.06.
- ❑ Electromecánicos de 28.06.07.
- ❑ "Aqualia gestión integral del Agua y Fomento de construcciones y contratas, S.A-UTE" de 6.02.06, 4.08.06, 3.07.07.
- ❑ Montes, parques e xardíns de 15.03.06 e 14.09.07.
- ❑ Telefónica de España, S.A." de 17.09.07.
- ❑ "Unión Fenosa, S.A." de 15.11.07.
- ❑ Oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 29.11.07.
- ❑ Consta informe-ensaio de laboratorio de data 5.12.05.

O adxunto ó director dos servizos técnicos informa o 11.02.08 o seguinte: "(...) Las obras cuya recepción total se propone, se han ejecutado de acuerdo con el Proyecto de Urbanización <Expte 4531/401>, aprobado definitivamente el 28/02/05. Las mismas se ajustan sensiblemente a las descritas en dicho documento. Con respecto al compromiso de la Junta de Compensación de soterrar una línea aérea de energía eléctrica, este se ha cumplido en este mes de Febrero. Por todo lo anterior, procede acceder a lo solicitado (...)".

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Previsións legais sobre a recepción de obras de urbanización derivadas da execución de polígonos.- O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "(...) A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas (...)". O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que: "(...) No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...)". 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante desta darán por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano (...)".

2.- Presencia no expediente dos informes técnicos preceptivos.- Consonte os informes da oficina de supervisión e inspección de obras e o adxunto do director dos servizos técnicos, procede a recepción das obras de urbanización.

3.- *Prazo de garantía das obras de urbanización e necesidade de constitución da correspondente entidade urbanística de conservación.- De conformidade co artigo 147.3 do TRLCAP e o prazo de garantía será dun ano, durante o cal, en aplicación do artigo 167 do Regulamento de contratos das Administracións Públicas, os propietarios coidarán da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que perigue a obra executaranse pola Administración e a costa do contratista os traballos precisos para evitar o dano. No suposto de vicios ocultos na obra o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos, de acordo co establecido no artigo 148 do TRLCAP. O prazo de garantía é dun ano. De acordo co establecido no Plan xeral vixente e a propia Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural, procede a inmediata constitución da entidade urbanística de conservación. Para elo a Xunta de compensación presentou o 19.07.07 escrito e documentación para a constitución da entidade de conservación (expte 4763/401).*

4.- *Innecesidade da adopción do presente acordo.- As normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a Lei 9/02, non contemplan a necesidade de adopción dun acordo expreso de recepción. Únicamente se esixe o levantamento dun acta asinado polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta (artigo 147.2 do rdlx. 2/2000) na que se constate que as obras están en bo estado e conforme o proxecto aprobado.*

5.- *Órgano compentente para a resolución do expediente.-É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.*

*En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO: Á vista dos informes do técnico da oficina do servizo de supervisión de proxectos e inspección de obras de 29.11.07 e do adxunto ó director dos servizos técnicos de 11.02.08, acordar a recepción das obras de urbanización da "UA 2 Carrasqueira".*

*SEGUNDO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Así mesmo, darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licenzas de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "AQUALIA-GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Galicia, S.A.".*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **62(327).- AUTORIZACIÓN DA CONTRATACION POR CONCURSO ABERTO DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NO EDIFICIO DA XERENCIA DE URBANISMO. EXPTE. 2932/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 25.02.08, conformado polo xerente de Urbanismo e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A) *Antecedentes.*

O servizo de seguridade e vixilancia preventiva no edificio da Xerencia Mpal. de Urbanismo foi adxudicado por concurso aberto o 21 de maio de 2003, por un prazo de dous anos e un prezo de 30.624 euros/ano. Este contrato entrou en vigor o 1 de xuño de 2003. En maio de 2004 aprobouse unha modificación deste contrato que supuso a ampliación a catorce horas diarias da prestación do servizo, fixándose o prezo anual do contrato en 43.792,32 euros.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 28 de setembro de 2006, adoptou o acordo de prorrogar ata o 1 de xuño de 2007 o contrato do servizo de seguridade e vixilancia preventiva no edificio-sede da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O 19 de marzo de 2007 o vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu incoar o expediente para a contratación do servizo de seguridade e vixilancia preventiva na Xerencia Municipal de Urbanismo.

Con datas 4 e 22 de maio de 2007, o Boletín Oficial de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia, respectivamente, publicaron o anuncio para a presentación de ofertas na “contratación por concurso aberto do servizo de seguridade e vixilancia preventiva na Xerencia Municipal de Urbanismo”.

Durante un prazo de 15 días, que rematou o 6 de xuño de 2007, presentáronse no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo dous ofertas:

- 1) COMINSMAN SEGURIDAD, SLU (doc. 70067491).
- 2) COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA, S.A. (doc. 70067524).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de outubro de 2007, adxudicou a “Compañía de Protección y Vigilancia Galaica, SA” o citado contrato de servizo coas condicións sinaladas. cun prazo de execución de dous anos e un prezo anual de 44.886 euros, á entidade “COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA, S.A.”.

Unha vez notificado este acordo, a empresa adxudicataria presenta o 30 de outubro de 2007 (documento de entrada en Rexistro da XMU nº 70.120.924), escrito polo que comunican a intención de retirar a súa oferta, por motivos económicos e por ter superado a Administración o prazo para adxudicar de tres meses (esta demora produciuse polo tempo en que tardou en conformarse a nova Mesa de Contratación na Xerencia de Urbanismo, como consecuencia do cambio na Corporación).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 28 de decembro de 2007, acordou “aceptar a renuncia da empresa “COMPAÑÍA DE PROTECCIÓN Y VIGILANCIA GALAICA, SA” a prestar o servizo de seguridade e vixilancia no edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de outubro de 2007.” De esta forma, o concurso convocado no seu día quedaba deserto, polo que se acordaba ademáis “incoar un novo expediente de contratación por concurso do servizo de seguridade e vixilancia no edificio sede Xerencia Municipal de Urbanismo, modificando as condicións económicas do contrato para permitir unha adecuada concurrencia na licitación.”

Entre tanto, o servizo o segue prestando a empresa adxudicataria “Antares de Seguridad, SA” (agora denominada “Umano de Seguridad, SA”) en virtude do concurso resolto en 2003.

#### B) Informe-proposta.

Con data 21 de febreiro de 2008 preséntase o novo prego de condicións técnicas e de cláusulas administrativas para a contratación por concurso, procedemento aberto, do servizo de seguridade e vixilancia preventiva na Xerencia Municipal de Urbanismo, coas seguintes modificacións respecto ó aprobado en 2007:

- 1) Redúcese a prestación do servizo de catorce a doce horas diarias.
- 2) Incrementase o prezo ata 46.232,58 euros/ano.

Por ter elaborado o preceptivo informe o Secretario para o prego de 2007, nesta contratación presenta a conformidade sobre o mesmo coa mesma data de 21 de febreiro de 2008.

Achéganse documentos contables (RC-200800000370 e AFUT-200800000371) que constatan a existencia de crédito adecuado e suficiente con cargo á partida 4320.2270100 “SEGURIDADE” do Orzamento deste Organismo Autónomo.

Por todo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º) Autorizar a contratación polo procedemento aberto por concurso do servizo de seguridade e vixiancia no edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo por un prazo de dous anos.

2º) Autorizar o gasto por importe de 92.465,16 euros en dous anos, con cargo a partida 4320.2270100 do Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3º) Aprobar o prego único de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerá a devandita contratación.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **63(328).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A GRÚAS RAMA S.A. POLO PARA INSTALACIÓN DE CONTEDORES SOTERRADOS NO CONTORNO DA PRAZA DE COMPOSTELA. EXPTE. 54919/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 25.02.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral de 8 de outubro de 2007 e número de documento 70111759, GRÚAS RAMA, S.A. (CIF: A-36454486) solicita a devolución de varios avales establecidos para responder de posibles danos pola instalación de contedores soterrados nas rúas do contorno da Praza de Compostela, esto é, na Praza de Compostela Sur, Rúa Pablo Morillo, Rúa García Olloqui, Rúa Luis Taboada e Rúa Concepción Arenal, depositados na Tesourería Municipal con data 23/05/2007, números de operación 200700030938, 200700030935, 200700030930, 200700030927 e 200700030929 respectivamente e importe cada un deles de 6.000,00 €.

No informe de inspección de data 22 de xaneiro de 2008, indícase que inspeccionadas as distintas zonas, non se aprecian danos significativos ocasionados polos traballos realizados polo solicitante.

Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución de 5 avales de 6.000,00 € (seis mil euros) cada un, a favor de GRÚAS RAMA, S.L., correspondentes aos números de operación anteriormente citados.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **64(329).- PROXECTO DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN E**

**COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A. (TRAGSA). EXPTE. 54473/250.**

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

**65(330).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

**A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,**

Isaura Abelairas Rodríguez.